



aulas libres

revista de pensamento,
información e debate
do **steg**

1



aulas libres nº 1

Galiza, Novembro de 2013.

aulaslibres@stegsindicato.org

Edita:

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza, STEG.

Dirixe:

Comisión Permanente do Secretariado Nacional do STEG.

Coordinan:

Emilio Xosé Ínsua López e Sonia Fernández Casal.

Deseño e maquetación:

Rosa Herraiz.

Impresión:

Parsan Gráfica

Depósito legal:

ISSN:

Permítese a reprodución sempre que se cite autoría e procedencia.

Distribución gratuíta.

A revista non se fai necesariamente partícipe das opinións das persoas que colaboran nela.

A confección deste número pechouse o 24 de outubro de 2013.

- | | | | |
|-----------|--|-----------|--|
| 1 | editorial | 20 | o sorriso de daniel
Carme Varela |
| 2 | a lomce: crónica dun proceso que debemos reverter.
Mariló Candedo | 21 | tempos novos para rosalía
Lucía Flora López Pérez |
| 4 | motivos ou mitos para mudar a fp
Concha Fernández | 22 | coeducación. no camiño á igualdade real
Trini Pérez Labaca |
| 5 | problemática dos comedores escolares
FAPACEL | 23 | o desconcerto dos centros que segregan por sexo
Asemblea de Mulleres do STEG |
| 6 | recortes en educación
Comisión Permanente do Secretariado Nacional do STEG | 25 | o alumnado contra a megaminería contaminante
Sonia Fernández |
| 8 | normalizar en tempos de crise
Valentina Formoso | 26 | experiencias de aula: a familia como aliada da aprendizaxe
Ma José García García |
| 11 | novos medios para unha galiza en movemento
Filipe Díez | 28 | para ver, para ouvir, para ler |
| 12 | entrevista con xosé vázquez pintor
Emilio Xosé Ínsua | 32 | textos poéticos
Susana Sánchez Aríns |

Tes nas mans o primeiro número dunha nova publicación editada polo Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza (STEG). A súa periodicidade será semestral e o seu reparto será gratuíto, como gratuítas son as achegas das súas persoas redactoras e de todas e cada unha das colaboradoras.

Creámola, con toda a ilusión pero tamén fronte a todas as dificultades propias do caso, como plataforma impresa para a información, o debate e o pensamento sobre temas relacionados co ensino. AULAS LIBRES nace para aglutinar vontades, suscitar reflexións, arroupar xustas loitas e canalizar ilusións. Ansía, antes que nada, ofrecer tribuna e dar voz a todas aquelas persoas que se sintan partícipes da tarefa educativa e compartan, dentro do máis enriquecedor pluralismo, a idea central de que o sistema educativo público é un ben social irrenunciábel e de que a educación non debe ser nunca unha mercadoría, senón un dereito, que ten de servir ademais para tecer os delicados fíos da cohesión social e que axuda como ningún outro á consecución dunha real e imprescindíbel igualdade de oportunidades para todos e todas.

Semella que non puidemos elixir un momento máis oportuno, aínda que sexa tamén tenso e duro, para a botadura desta nao de papel cargada de ideas e de esperanzas. O proxecto de lei da LOMCE está a piques de caer como unha bomba de destrución masiva sobre a educación, espallando o seu ronsel de segregación social e de xénero, o seu imperialismo idiomático, o seu rancio confesionalismo, a súa descarada aposta pola privatización e a súa abafante prédica ideolóxica neoliberal. Para desenmascarar e derrotar este ataque sen precedentes a un ben tan valioso que tanto esforzo e loita custou erguer, como é o ensino público, universal, gratuíto, laico, non sexista e de calidade cómpre empregar a razón e a palabra e convencer a canta máis cidadanía mellor. As páxinas de AULAS LIBRES han de contribuír para ese obxectivo e por iso fican desde xa abertas e dispostas para acollerer o que ti mesmo/a queiras dicir.

a lomce:

crónica dun proceso que debemos reverter

Comezou un novo curso cargado de expectativas e escuros agoiros sobre o futuro da educación pública por mor da inevitable aprobación da LOMCE no Parlamento español. Poucos desenvolvementos legislativos en materia educativa sufriron un proceso tan accidentado como o experimentado por esta lei. Coñecemos até tres versións dun anteproxecto que, finalmente, se concretou nun cuarto texto remitido ao Consello de Ministros no mes de maio para o trámite parlamentario. A maioría do partido que sustenta ao goberno posibilitou o rexeitamento de nada menos que once emendas á totalidade nunha única sesión de cinco horas no pasado mes de xullo.

O trámite das emendas parciais – máis de 700– confirmou a imposibilidade de aproximar posicións respecto dos eixos fundamentais da reforma. Antes ben, o Partido Popular aproveitou para profundar aínda máis na escalada privatizadora, incorporando no texto legislativo as liñas de acción política que vén desenvolvendo coa maior crueza nalgúns dos territorios onde goberna, nomeadamente en Madrid e Valencia.

Algo máis de ano e medio de controversias que se iniciaron coas primeiras formulacións do Ministerio pregoadas coa cáustica verborrea do ministro Wert, até configurar un texto legislativo que, de chegarse a aplicar, suporá un auténtico cambio de modelo educativo, sometido ferreamente ás demandas do neoliberalismo económico e á visión centralizadora e confesional da dereita española. Unha lei enmarcada nun convulso contexto socioeconómico e político, e que non pode ser entendida á marxe da vaga de recortes que o goberno popular impuxo. Nunca acreditamos no carácter conxuntural e transitorio das mal chamadas “políticas de axuste”. Viñeron para quedarse, e precisan dunha lei que lexitime, xeneralice e sustente no tempo a acción política neoliberal, goberne quen gobernar.

A difusión das sucesivas edicións desta reforma educativa supuxo asistir ao permanente cuestionamento de conceptos, principios e obxectivos sobre os que se foi asentando –coas súas luces e sombras– a educación pública, salvagarda do dereito á educación e instrumento imprescindible para a igualdade de oportunidades e a xustiza social.

Á proxección dun argumentario demoledor sumáronse medidas restritivas en todos os chanzos do sistema educativo e no conxunto dos servizos públicos vinculados ao sistema de benestar social. A constante mingua de recursos levou aparelhada unha reiterada guerra de datos, que privou o conxunto da cidadanía da oportunidade de dimensionar as proporcións da desfeita. O esforzo de moitas administracións encamiñouse á construción dun discurso eufemístico en que as palabras e os números debuxan un panorama exculpatorio desde o punto da súa propia responsabilidade política e inculpatorio a respecto do comportamento cidadán.

A dureza da crise volveuse contra a cidadanía, cobrando peso as concepcións mercantilistas en que a idea de calidade se relaciona cun alto prezo no mercado. A educación, hoxe por un motivo mañá por outro, pasa a ser unha mercadoría máis, ao alcance de quen pode pagala. E, para que os que non poden, búscanse mecanismos e estratexias “solidarias” ou asociadas á beneficencia doutros tempos.

Tampouco nesta ocasión a reforma deseñada posibilitou a reflexión social sobre a educación que necesitamos. Nin sequera naqueles aspectos en que a cidadanía podería coincidir en recoñecelos como problema, alén de referentes ideolóxicos particulares. Lembremos que gran parte do argumentario que xustifica a mudanza da LOE se relaciona coa necesidade de combater os altos niveis de fracaso escolar e de abandono temperán do sistema. Non debiera ter sido difícil centrar a atención no problema, mesmo sendo esperables diagnoses diverxentes e formulacións encontradas na procura da súa solución. Non foi así e unha vez máis escamoteouse a reflexión sobre as causas, nesgáronse os datos, utilizando perversamente a información que ofrece o Informe Pisa e outros estudos, sen sequera respectar as prevencións que eles mesmos indican.

Borrador tras borrador fíxose evidente que as finalidades da reforma eran outras, por moito que se practicasen no preámbulo da lei e nalgúns medidas menores verdadeiras operacións de cosmética. Non é moi difícil conviñer en que unha maior privatización, confesionalidade e recentralización do sistema non remediarán o fracaso escolar, máis ben ao contrario.

En consecuencia, o debate educativo e social retrotraeuse aos tópicos dos que non saímos practicamente desde a primeira lexislación educativa posfranquista, incorporándose elementos do crítico contexto actual: os límites da liberdade de ensinanza e o difícil encaixe da dupla rede pública-privada; o lugar da relixión; a pugna polo “control” do sistema entre as administracións educativas, cunha aposta neorrecentralizadora aproveitando a novidade das avaliacións externas e promovendo novas tensións lingüísticas; o combate contra o modelo comprensivo de ensino a favor de fórmulas segregadoras de distinta factura (económicas e curriculares); ou a perda dos valores democráticos como esencia da comunidade educativa abocada a un futuro xerencialista e vertical, a imaxe e semellanza do que acontece no mundo empresarial.

Como xa sucedera no debate da LOCE evidenciouse unha fractura importante nas visións sobre os

elementos claves nos que sustentar a calidade do ensino. A procura da excelencia, en clave elitista e clasista, marca unha liña centrada na esixencia de mellores resultados académicos. A defensa da equidade e do carácter inclusivo da institución escolar sen renunciar á mellora constante, ou mesmo á excelencia, reclama a atención sobre os procesos educativos.

a educación pasa a ser unha mercadoría máis, ao alcance de quen pode pagala

As referencias curriculares desta reforma eluden a crítica á sobrecarga de contidos e o cuestionamento do seu carácter motivador e significativo. A anunciada simplificación curricular concrétese nunha defensa da “volta ao básico” nas materias instrumentais e na incorporación de materias vinculadas ao “empreendedorismo”, novo talismán para saírmos do pozo, se é que a intercesión dalgunha virxe non surte os oportunos efectos. Cédesese espazo á relixión e escamotéase para a formación cidadá. Aproveitase a oportunidade para “recortar” o campo das humanidades e das artes, e así parcelar aínda máis o currículo, desdobrando materias construídas como espazos interdisciplinares, mesmo na educación primaria. Reválidas e probas sinalizarán os logros, pero sobre todo os erros dos actores do sistema: o alumnado, o profesorado e os centros. Certificar os fallos na procura dos correspondentes chibos expiatorios é un dos obxectivos que anima a aposta do ministro Wert.

O fracaso e o abandono escolar desvíanse para a formación profesional, no seu nivel máis básico e de menor cualificación, todo un reto para o seu profesorado. Ábreanse interrogantes sobre como afectarán as mudanzas previstas aos restantes niveis, ciclos medios e superiores, cuxo esforzo por constituírse nunha alternativa relevante ten dado froitos moi estimables, representando ademais un espazo de segundas oportunidades agora que a crise devolve ás aulas un elevado continxente de persoas que as abandonou.

No transcurso do tempo parece que deixou de ter interese a cuestión da autonomía dos centros, se cadra porque enseguida se aprecia que no fundamental –achegar o proxecto educativo ás necesidades do alumnado– só se retrocede, ao marcar as reválidas o camiño que cómpre seguir, e ao condicionar a obtención de recursos á “conta de resultados”. Nunha liña de desprofesionalización crecente, o profesorado perde competencias como membro da comunidade educativa a favor dunha dirección de centros mediatizada pola administración. A tan declarada autoridade do profesorado só lle permitirá erixirse por riba do alumnado e das familias no caso de conflitos porque para outras moitas situacións a súa opinión e o seu traballo serán subsidiarios das decisións tomadas noutras instancias.

Que pode suceder logo da aprobación da LOMCE en sede parlamentaria?

Para comezar e por moito que o goberno non ofrezca máis explicación que a cínica desculpa de que foron as demais forzas as que se pecharon en banda, o certo é que a aprobación por esa inmensa maioría orfa doutros apoios políticos resulta unha foto pouco estimable para quen acusa os gobernos precedentes de sectarismo educativo. Trátase, en 23 anos, da primeira lei que se aproba co único voto favorable do partido que sustenta ao goberno. A oposición á lei por parte dunha ampla e plural gama de organizacións non dispoñía dos votos suficientes, pero logrou selar un pacto, non suscrito por UPyD, para revogala no momento en que as condicións políticas o permitan. Un enorme avance que constitúe o indicio evidente de que a LOMCE pode caer na primeira ocasión en que haxa unha alternativa de goberno doutro signo. A sensación de transitoriedade – a imaxe e semellanza do sucedido coa LOCE – cobra forza.

Precisamente a este obxectivo debemos dedicar esforzos para impedirmos que se chegue a aplicar. As consecuencias de moitas das medidas recollidas nesta lei resultan letais para os valores asociados á educación pública. Cómpre, xa que logo, incrementar o discurso crítico e trasladalo a todos os ámbitos sociais. Do contrario, a regresión ideolóxica será imparabile.

É evidente que se palpa a preocupación, moi especialmente nas familias que temen non poder ofrecer aos seus fillos e fillas oportunidades formativas axeitadas ás necesidades dun futuro difícil de prever. Con tantas fronteas abertas a sociedade parece administrar as situacións límite entre o medo, a protesta e a resiliencia; logrando, en ocasións, colocar un certo discurso alternativo á análise culpabilizadora que das causas dos problemas promove a ideoloxía dominante. Esa mesma sociedade, ou unha parte dela difícil de visualizar, está ocupada apuntalando estruturas, reciclando e compartindo recursos ou tecendo unha certa rede para amortecer o golpe.

A receptividade ás formulacións asociadas aos valores da equidade e da xustiza social non é doada. A ideoloxía neoliberal foi inoculando unha perspectiva de defensa a ultranza do individualismo fronte á construción do colectivo. A capacidade de elección en singular rebélase como o criterio estrela. Dereito inalienable a elixir centro, elixir lingua, elixir aquilo que me permite socializarme nun marco coñecido e cómodo, homoxéneo e co que me identifico. A educación ao servizo dunha crecente estratexia de distinción aparentemente á carta e agora custeada con fondos públicos, que para iso todos pagamos impostos. Lonxe, moi lonxe dese proxecto de educación para todos e todas, que promove a cohesión social e que permite a construción de sociedades democráticas e plurais porque forma no espírito crítico.

Velaí o compromiso coa educación pública que defendemos: a práctica dunha pedagogía social coherente, que cuestione calquera medida segregadora e regresiva e que promova vivencias, coñecementos e oportunidades valiosas para o conxunto da cidadanía. Queda moito por facer, sen dilación.

motivos ou mitos para mudar a fp

Unha das principais demandas da comunidade educativa é a de dotar de estabilidade normativa ao sistema. No caso da FP parece que isto se estaba conseguindo, porque as leis educativas que seguiron á LOXSE apenas introduciron cambios nos principios pedagóxicos e organizativos cos que se foi desenvolvendo a formación profesional inicial no sistema educativo español. E con menos motivos e lexitimidade se poden propoñer cambios normativos sen realizar un diagnóstico riguroso e compartido sobre os procesos e resultados.

Ademais, estabamos conseguindo algo inusual: un marco normativo referencial estable e adaptable aos tempos; unha razoablemente boa dotación de recursos proveniente principalmente do FSE durante a última década do pasado século; unha adecuada formación e actualización do profesorado e, finalmente, un estreitamento da relación cos centros de traballo grazas ao desenvolvemento do módulo de FCT (Formación en Centros de Trabajo). Estas concorrencias foron ao meu parecer posicionando a FP como unha oferta cada vez máis atractiva dentro do sistema educativo.

Mito 1: Pouco alumnado opta pola FP

Non temos máis que reparar en algúns datos. O Informe anual da Fundación Encuentro “España 2010. Una interpretación de la realidad social” recolle que a matrícula nos ciclos de FP creceu na última década, tanto nos de Grao Medio como Grao Superior, case un 60%.

	2000-2001	2005-2006	2010-2011
Ciclos formativos de Grao Medio (presencial)	191.456	230.174	288.708
Ciclos formativos de Grao Medio a distancia	555	1.975	7.456
FPI	233	-	-
Ciclos formativos de Grao Superior (presencial)	185.051	217.255	265.601
Ciclos formativos de Grao Superior a distancia	694	4.649	16.809
FPII	71.019	-	-
Total	449.008	454.053	578.574

Fonte: Datos y cifras. Curso escolar 2011-12. Secretaría General Técnica. Ministerio de Educación.

No mesmo sentido, o minucioso estudo de Marta Rahona (*Capital humano, abandono escolar y formación profesional de grado medio en España*) mostra que, durante a primeira década do século XXI, o alumnado matriculado en bacharelato caeu un 10,6%, mentres que o matriculado en CFGM experimentou un incremento de máis do 29%, dando como resultado que o peso de alumnado matriculado en CFGM sobre o total de alumnado en secundaria postobligatoria foi aumentando desde o 22,5% do curso 2001-02 ata o 29,5% do curso 2009-10.

No caso galego, a Formación Profesional ten gañado tanto terreo que actualmente está por encima das porcentaxes medias da Unión Europea (situadas no 52%). No curso 2008-2009, un 51% do total de alumnado que iniciaba os seus estudos post-obrigatorios decantábase pola FP e un 48% por Bacharelato, mudando xa daquela a tendencia tradicional. No pasado curso 2012-2013, o

60,5% do estudiantado optou por aprender un oficio, fronte a un 39,4% que preferiu Bacharelato (<http://www.laopinioncoruna.es/sociedad/2012/10/20/matricula-fp-crecio-37-galicia-ultimos-cuatro-anos/656807.html>).

Estes datos chocan coa exposición de motivos da LOMCE (XIII), que alude a que “a principal diferenza do sistema educativo español cos do noso entorno radica no número especialmente baixo de alumnos que transitan pola Formación Profesional. Esta situación incide inevitavelmente na empregabilidade e na competitividade da nosa economía, limitando as opcións vitais de moitos mozos”.

A exposición de motivos da LOMCE así como os cambios introducidos na ordenación e estrutura da FP, deixan á vista unha concepción diferente do sistema educativo e da formación profesional que terá como obxectivo principal preparar aos estudantes para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións (precarizacións?) laborais que poden producirse ao longo da vida e só nun plano subordinado contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática ... como se recolle no apartado 2 do artigo 29.

Afondando nesta miña lectura dos motivos da “revisión” da FP, creo que se explicita claramente que se fía esa “modernización” da oferta á súa adaptación aos requirimentos dos diferentes sectores produtivos e á implicación das empresas no proceso formativo, coa importante novidade da Formación Profesional Dual, á que lle dedicaremos unha peza aparte.

Mito 2: FP e fracaso escolar

Outro dos principais obxectivos que di ter a LOMCE é reducir a taxa de abandono temperán do sistema educativo, mellorar os resultados educativos acorde con criterios internacionais, tanto na taxa comparativa de alumnos excelentes, como na de titulados en Educación Secundaria Obligatoria, mellorar a empregabilidade e estimular o espírito emprendedor dos estudantes (exposición de motivos VI).

É un tema recorrente deste anteproxecto de lei eliminar as barreiras para favorecer a realización, como mínimo, das etapas superiores de secundaria, motivo principal que se aduce para propor os diferentes itinerarios e medidas de tránsito entre eles. Por iso, citamos, “créase un novo título de Formación Profesional Básica, flexibilízanse as vías de acceso desde a Formación Profesional Básica cara a de Grao Medio e desde esta cara a de Grao Superior, ..., e o tránsito cara a outras ensinanzas” (exposición de motivos XIII).

Nas últimas décadas, e a pesar das continuas mudas nas leis educativas, en España tense producido un avance moi importante na formación de capital humano. No ano 2000, o 62% da poboación tiña un nivel de estudos inferior ou equivalente aos estudos obrigatorios. Nove anos despois, en 2009, esa cifra reducírase ate o 48%. Nese mesmo período, a media europea era no 2000 do 34% e a no 2009, do 25%. A situación contraria obsérvase ao analizar a proporción de estudos secundarios post-obrigatorios. En 2009 tiñamos un 22% de poboación con ese nivel de estudos e a media europea situábase no 48%. Só Portugal con un 15% se sitúa por debaixo de nós. Estes datos indican claramente que aínda estamos lonxe da media europea (ver estudo de Marta Rahona).

Entre as causas principais destes datos está o **intolerable nivel de fracaso escolar**. De acordo cos datos contidos no estudo de Marta Rahona, o 28,4% dos mozos/as españois de entre 18 e 24 anos saen do sistema educativo sen ter unha titulación de educación secundaria postobrigatoria. En Galiza, os datos son un pouco menores que a media do Estado, situándose nun 23,1%. Corresponde o 27,8% con abandono masculino e o 18,3% con abandono feminino. Unha consecuencia inmediata deste fracaso é o abandono escolar temperán.

Hai unha década, a Estratexia Europea 2010 fixou como obxectivo que a taxa de abandono nos países membros da Unión Europea non superase o 10%. Como podemos comprobar, España aínda se atopa moi lonxe de cumprir este obxectivo.

Unha vez máis coincidimos na diagnose, faise preciso reverter as taxas de fracaso e abandono escolar. Pero non podemos coincidir na vía elixida para evitar o fracaso e o abandono: segregar o alumnado fracasado e colocalo nos ciclos de Formación Profesional Básica.

Texto tirado do libro VV.AA.: **A educación: dereito ou mercadoría?**, Edicións Laiovento, 2013, páxs.100-103

problemática dos comedores escolares

Existen unhas palabras que aos políticos, en xeral, lles gustan moito: “conciliación da vida laboral e familiar”; palabras que usan de cara ó público pero que á hora de redactar leis e de facilitar que se leven á práctica olvidan por completo. Este é o caso da Consellería de Educación, que se esqueceu totalmente desas palabras á hora de redactar o decreto de comedores recentemente publicado no DOG.

En virtude dese decreto, a maioría de alumnos de centros públicos van ten que REPAGAR por un servizo, o comedor, que debería formar parte do dereito á educación dos nenos. O comedor, para a maioría de nais/pais, non é só un lugar onde estar os nenos durante o mediodía: é unha necesidade.

Galicia é unha comunidade eminentemente rural, na que a orografía fai que haxa que investir máis tempo que noutras comunidades para salvar determinadas distancias no transporte escolar. Así que teremos moitas familias que non poidan repagar por este servizo e terán que levar os seus fillos a comer ás casas, co conseguinte gasto de cartos e tempo que os nenos pasarán polas estradas - pistas en moitos casos - para facer esas viaxes. Estes nenos perderán tamén un tempo de lecer e para compartir cos seus compañeiros do que disporían se puidesen quedar no comedor.

Vivimos unha época na que as Administracións repiten decote que temos que “apretarnos o cinto”, pois estamos nunha crise moi fonda; unha crise pola que hai familias que non teñen para darlles de comer aos seus nenos. Para eses nenos, precisamente, a do comedor escolar pode ser a única comida completa que fagan ao día e, a pesar diso, quítaselle, pretextando que non hai diñeiro e que hai que sacalo de onde faga falla... Mais dos concertos e dos colexios segregadores non, que os cartos para eses colexios son imprescindibles. E logo para os nenos do colexio rural non o son ???

Sr. Conselleiro de Educación: baixe do seu pedestal, visite os colexios públicos, vexa as necesidades reais destes centros e destes comedores públicos, fale cos mestres e coas nais/pais e atenda os seus xustos reclamos. Non pedimos luxos; pedimos que cos nosos impostos se atendan as nosas necesidades, e dende logo e primordialmente, as dos nosos nenos e nenas.





recortes en educación

O intento do goberno galego de convencer á sociedade de que os recortes en educación non afectan á calidade educativa, por sustentárense na baixada salarial do profesorado e quedaren compensados pola xestión máis eficiente que están a facer dos recursos públicos, hai tempo que fracasou. A intensidade dos “axustes” realizados nos últimos anos en todo o Estado é tal, que mesmo desde a Comisión Europea advirten sobre as consecuencias negativas que terán no crecemento económico futuro e a competitividade. Velaí algúns dos máis salientables:

Profesorado: A redución neste apartado, difícil de cuantificar nos últimos anos - aínda que a Consellaría recoñece de seu uns 1.400 docentes menos -, susténtase no aumento do horario lectivo, na impartición de materias afíns e na supresión de desdobres, agrupamentos flexibles, reforzos e outras medidas de atención á diversidade. A proba máis evidente de que a redución de profesorado forma parte da estratexia a curto e medio prazo de diminuír o investimento en educación pública é a aprobación a nivel estatal dunha taxa de reposición do persoal xubilado do 10%. No noso país os efectos a curto e medio prazo, a teor da idade media do profesorado galego, son dunha dimensión tal que é por esta vía, a das xubilacións non repostas, pola que se pretende levar a cabo unha auténtica “reconversión” no ensino. Ao indubidable efecto negativo da redución de docentes e a precariedade á que condena ao profesorado interino, súmase a perda que supón impedir unha renovación xeracional imprescindible nunha profesión que se caracteriza pola súa relación cos sectores máis novos da sociedade.

Bolsas para o alumnado universitario: Redución neta en 4 anos do 23%, practicamente o dobre da redución experimentada no conxunto da consellaría no mesmo periodo (11,8%). No actual contexto de paro, perda de poder adquisitivo das familias e subida de prezos de todos os gastos que se adoitan sufragar coas bolsas, o labor de compensación social destas vese mermado nunha porcentaxe moi superior ao 23% dos datos económicos. Cómpre salientar que abondaría con destinar a esta partida os cartos dedicados aos concertos con centros que segregan por sexo para mantela nos niveis de antes da crise.

Libros de texto: Ao goberno do PP sáelle xa máis caro beneficiar a menos do 50% das familias con axudas para adquiriren libros de texto do que custaba o programa de gratuidade universal do bipartito. Porén, a consellaría prefere sacrificar a súa tan manida “eficiencia” a rectificar, o que suporía recoñecer que tomou unha medida deste calibre sen ter feito un mínimo estudo económico previo.

Comedores escolares: Máis de 20.000 familias terán que custearse este servizo que, na fase máis aguda da crise económica, aumenta de prezo nun 40%. Argumentando que “quen ten máis, debe pagar máis”, independentemente da distancia á que vive do centro escolar, o goberno introduce o copago renunciando de maneira explícita a aceptar que o carácter compensatorio e redistributivo tense que facer a través da recadación dos xuros, e non introducindo un novo pago proporcional aos ingresos no momento de recibir un servizo. O razoamento esgrimido polo PP, levado ás súas últimas consecuencia, é o cancro social que explica, segundo Vicenç Navarro, o subdesenvolvemento

social do estado español: as clases altas néganse a sufragar cos seus impostos uns servizos públicos que non empregan (“quen os use, que os pague, que nós xa pagamos os nosos servizos privados”).

Entre os efectos negativos desta medida cómpre salientar o feito de que os servizos públicos sexan gratuítos unicamente para as persoas con risco de exclusión social ou con rendas moi cativas, fai que sexan percibidos como servizos asistenciais e de “caridade”. Córrese así o risco de que sexan abandonados progresivamente polas familias de maior poder adquisitivo, xa que o seu uso non será gratuíto para elas. Aumentar os custes de estudar nas escolas públicas, como se acaba de facer cos comedores, é un xeito directo de promocionar o ensino concertado.

Prevención do abandono escolar: No periodo 2009-2013 redúcense entre un 70% e un 90% as transferencias ás corporacións municipais nas contías destinadas aos programas de prevención do abandono escolar coas que se viña ofrecendo profesorado de apoio para o alumnado que precisa axuda fóra do horario lectivo e cuxas familias non poden custear clases particulares.

Lingua galega: Segundo a CTNL “o goberno de Feijóo pretende dedicarlle á lingua en 2013 tan só un terzo do que dedicaba o goberno de Fraga hai 20 anos, en 1993, tamén en época de recesión”. Só no ámbito da educación, pasouse de 800.000 euros en 2010 a 300.000 en 2013, un 62,5 % menos. Ao tempo que se realizaban estes recortes e se receitaba austeridade, destináronse un millón de euros para substituír libros de texto en galego por libros en castelán...

Ensinanzas artísticas: As subvencións da consellaría destinadas a sufragar gastos de funcionamento e profesorado nos conservatorios e escolas de música municipais reducíronse desde 2009 ata 2013 nun 64,7%. Esta medida está a producir un aumento nas taxas de matrícula que negará a unha parte considerable da poboación a oportunidade de iniciar ou continuar os seus estudos musicais. Volven os tempos en que o acceso á educación artística era unha prerrogativa das clases medias e altas que, ademais do indubidable enriquecemento persoal, obtíñan con ela un prestixio social derivado precisamente do seu carácter elitista.

Formación do profesorado: A Xunta reduciu nun 41% este capítulo desde que goberna o PP. A esta desfeita haille que engadir a redución ministerial nos últimos dous anos: de 52 millóns en 2011 pasouse a 3,5 millóns no 2013. Se aceptamos que o tipo de educación que se pretenda ofrecer ao alumnado determina e configura a formación do profesorado, hai motivos abondo para que cunda o pesimismo, máxime cando o único aspecto que se salva das tesouras é a formación en linguas – léase inglés – que leva aumentado un 77% coa finalidade de conseguir profesorado que poida acreditar o nivel B2 do Marco Europeo de Referencia das Linguas esixido, a pesar de ser claramente insuficiente, para poder aplicar esa grande mentira chamada “decreto de plurilingüismo”.

Preescolar na Casa: Desaparece este programa, considerado en diferentes foros internacionais como un sistema modélico, logo de máis de 35 anos de andaina orientando as familias – 3.000 no último ano, especialmente no rural – na “parentalidade positiva”.


Reparacións, ampliacións e melloras dos centros públicos: En catro anos redúcese a contía destinada aos centros de secundaria nun 78%, e aos de educación primaria nun 50%.

Axudas ao alumnado de FP: Desde o 2009 diminúen nun 71% as axudas para sufragar os custos derivados das prácticas de formación en empresas.

ANPAS: As axudas ás confederacións e federacións de ANPAS diminúen un 54%.

Axudas ao alumnado: Decaen un 86% as axudas para a aprendizaxe de idiomas estranxeiros.

Desde o STEG coidamos que o peor legado que deixarán estes recortes é o aumento da desigualdade no acceso á educación, cuestionando, xa que logo, os alicerces mesmos do pacto social. Se ben o balance neste eido nunca foi o desexado –a pesares de obtermos nos informes da OCDE mellor puntuación ca outros países máis “avanzados” ca o noso– é a primeira vez que, en democracia, se recúa neste aspecto. Debullar o alcance de todos os recortes en educación está máis alá das posibilidades deste artigo; porén, consideramos que os exemplos escollidos abundan para evidenciar a mentira que supón afirmar que non están a comprometer o futuro do noso alumnado.



normalizar en tempos difíciles

Vai para dous anos que Manuel Rivas dicía que o peor incendio que estaba a padecer Galicia era o que levaba por diante a esperanza. Volvo retomar esta cita no final dun verán no que nos arden de novo os montes, e no comezo dun curso no que se van seguir queimando falantes, os que xa o son e os que poderían chegar a selo.

Nos últimos tempos o desánimo é moi palpable nos círculos de docentes que cremos que a nosa lingua debe alcanzar os niveis de normalidade que lle corresponden. Despois do xenio e da rabia que nos saíu por todos os poros en 2009, foi chegando o cansazo e, o que é máis grave, a perda de esperanza na normalización do galego. Se esta calla e se estende, temos a batalla perdida, polo tanto é preciso reflexionar un bocadiño e tentarmos recuperar os folgos.

Para os que nos estivemos dedicando durante anos a ensinar galego, a ensinar en galego e a traballar en prol da normalización lingüística, para os que empezan o seu traballo no ámbito educativo, para os que non entran en ningún dos grupos anteriores pero pensan que cómpre facer algo para recuperar o galego, van as seguintes reflexións. Non vou entrar en aspectos que nos superan a nivel particular a curto prazo, aínda que os teñamos que reivindicar con forza (mudanza da actual lexislación e da planificación lingüística que se está desenvolvendo desde o goberno), senón que me vou centrar en aspectos que, mesmo nas actuais circunstancias, poidan axudarnos a facer camiño e así manter a esperanza.

Como xa vimos dicindo desde hai tempo, a política lingüística dos últimos trinta anos non foi a acertada e a planificación fallou desde a mesma base, o que provocou que os esforzos normalizadores de moitas persoas non desen os resultados esperados. Exceptuando os esforzos da época do bipartito, faltounos formación, apoio e que se marcasen liñas de traballo destinadas a avanzar e cubrir obxectivos normalizadores. Na realidade, desde a administración xa mostraron

Valentina Formoso ◀

a pouca vontade de acadar tales obxectivos, ata o punto de que eliminaron o termo para así diluír o concepto.

Mais as persoas que seguimos buscando un uso “normal” do galego achegando o noso gran de area no ámbito educativo... que podemos facer neste momento para que a nosa lingua non siga a perder espazos e mesmo poida avanzar algo? Quizais poderíamos probar a mudar algunhas estratexias tanto desde o punto de vista docente nas aulas como desde o traballo nos Equipos de normalización e dinamización lingüística. Nisto é no que vou centrar o resto do artigo.

Novas estratexias desde o punto de vista docente?

Escoitamos moitas veces que algo debemos facer mal as e os docentes, tanto de lingua galega como doutras materias que se imparten en galego, cando temos a xeración máis formada en galego da historia e a que menos o fala. Non imos poñernos a argumentar sobre un lote de circunstancias que sabemos que inflúen nos usos da xente nova e que están amplamente descritas, simplemente queremos reflexionar sobre a existencia dalgúns aspectos do noso papel docente que poidamos mellorar.

normalizar
en tempos difíciles



conseguimos mudar o imaxinario que sobre o galego tiña toda a comunidade educativa?

A grande pregunta é: conseguimos, ou simplemente tentamos, mudar o imaxinario que sobre o galego tiña toda a comunidade educativa nunha proporción razoable para o tempo que pasou e os esforzos dedicados? Se cadra traballamos co alumnado para detectar prexuízos pero non sempre para eliminalos, aspecto imprescindible para sacar unha lingua do seu estado de minorización. E como se eliminan? É difícil, máis aínda se actuamos en solitario, por iso é importante buscar apoios entre os e as compañeiras dos claustros para que, cando menos, non sigan a asentar representacións negativas cara ao galego. Sen queimarnos en causas perdidas, podemos estenderlles algunhas destas reflexións que nós tamén temos que facer: Actuamos as e os docentes das diferentes materias e dos diferentes niveis educativos como modelos de lingua normalizada para o alumnado, mostrando unha lingua con diferentes rexistros e normalizando o seu estándar? Soubemos valorar algo tan elemental como as variantes dialectais dos e das discentes? Fomos realmente modelo para quen non tiña a lingua de seu? Traballamos en prol do vocabulario culto específico que precisaba de se asentar para as diferentes ramas profesionais? Valoramos suficientemente o alumnado galegofalante para que non agochase a lingua que traía da casa aínda que non fose o estándar?

Tamén o profesorado de lingua galega debemos valorar se enfocamos ben a materia. Seriamos demasiado gramaticalistas nas aulas, calcando a didáctica dunha lingua hexemónica como é o castelán, mesmo dando clases de galego como lingua estranxeira? Atenderiamos suficientemente a aspectos sociolingüísticos

precisos para que, ademais de ensinar a lingua, conseguísemos novos usuarios dela? Estivemos atentos ás e aos galegofalantes -os grandes esquecidos da normalización lingüística- para que mantivesen a súa lingua e a empregasen en todos os ámbitos da súa vida, nomeadamente nos rexistros cultos? En xeral, ligamos a lingua a unha cultura propia que tamén precisa de se promocionar e normalizar? Compuxemos un relato crible e convincente para manter os falantes de sempre e para incorporar outros novos? Traballamos desde unha perspectiva ecolingüística?

Detrás destas interrogantes quizais atopemos algún camiño que non fose o acertado, pero sempre se está a tempo de tomar outro.

Unhas propostas para o traballo nos ENDL

Ademais do que cadaquén considere que poida mudar nas aulas despois da reflexión anterior, deberiamos tamén adaptar o traballo dos Equipos de normalización á actual situación de estrangulamento económico e escasos apoios. Daquela permitímonos anotar algunhas liñas

de traballo que axuden a enfocar o labor dos ENDL, xa que son os órganos que teñen como misión traballar en prol da normalización do galego, para así afrontar esta etapa coa ilusión de acadar resultados positivos:

1 É doado realizar actividades arredor dos diferentes ciclos anuais, mais é preciso revisar de forma urxente a normalización cultural que buscamos a través delas. Cómpre renovar contidos e actualizar a forma de desenvolve-los, sacándolle rendemento lingüístico ás tradicións, á súa transmisión e revitalización. Asar castañas no Magosto non é unha actividade normalizadora se non se acompaña de algo máis que implique a nosa cultura e a nosa lingua, adaptada ao ámbito rural e ao urbano.

2 O plurilingüismo veu para quedar, mais deberiamos repensar a postura normalizadora arredor deste tema. Os que buscamos a promoción do galego somos os que realmente cremos nun plurilingüismo inclusivo, demostrémolo e desmontemos falacias sen atacar a necesaria aprendizaxe de linguas estranxeiras por parte do alumnado. E ademais de potenciar a lusofonía (a través de lecturas, pero sobre todo de recursos educativos, música infantil, vídeos,), deberiamos colocarnos no posto que



NA ESCOLA EN GALEGO

normalizar
en tempos difíciles



nos corresponde nuns centros onde o inglés invade espazos que o galego tiña xa de seu. Non esquezamos empregar sempre argumentos nos claustros e consellos escolares para centrar a realidade do problema.

3 Aos ENDL ás veces marxínanos nos centros e outras veces aillámonos nós mesmos, ben como medida de protección ben como resultado do esgotamento. Saír do recinto pechado dos ENDL e abrímos á colaboración noutros departamentos e grupos de traballo, como a biblioteca, as TICs... introducindo o galego en todos os aspectos do centro dun xeito “normal” sen que nos supoña un custo económico para o equipo vai ser fundamental para avanzar nos tempos que corren. Ademais, isto axudaríanos a desestigmatizar as actividades dos Equipos porque se cadra ás veces caemos demasiado nas charlas adoutrinadoras e igual podíamos probar a realizar actividades que creen conciencia mais que teñan compoñente pedagóxica e formativa e, sobre todo, que estean dirixidas a toda a comunidade educativa. Algúns exemplos poderían ser:

na biblioteca: participando na elaboración do plan lector ao axudar na busca de textos temáticos na nosa lingua, nas guías de lectura e demais promocións e colaborando nos Clubs de lectura coa finalidade de fomentar a lectura en galego (esquecida en moitos), e mesmo tamén en portugués. Tamén se lles podería pedir aos escritores que se achegan aos centros a que, nas súas intervencións, dediquen un tempo a falar da necesidade de fomentar a lingua e mesmo que busquen fórmulas para axudar á eliminación de prexuízos.

nas actividades extraescolares. Sería interesante establecer desde os ENDL un protocolo para pedir que todas as persoas de fóra da comunidade participen en actividades extraescolares, ben dentro dos centros ou ben fóra deles (museos, exposicións...), se dirixan aos e ás discentes en galego, sobre todo cando a actividade está relacionada con materias

que se imparten nesta lingua. Deberíamos tamén promover unha racionalización dos gastos e suxerir que actividades moi custosas, do tipo contacontos, teatro... se deriven cara aos concellos (a través dos auditorios municipais) e, se non é posible que estes asuman os gastos, propor compartilos entre os diferentes centros. E non esquecernos de alternativas que non teñan custo, como que o alumnado de maior idade e, mesmo membros das familias, lles conten historias aos máis pequenos.

nas TIC. A falta de recursos en lingua galega para as diferentes áreas é un problema grande para a normalización, por iso deberíamos aproveitar as novas tecnoloxías- algo polo que aparentemente aposta a Consellería, para -a partir delas- impulsar o galego, valorando a posibilidade de crear grupos de traballo para realizar, buscar, compartir... recursos en lingua galega e tentar que teñan a maior presenza no noso centro.

4 E todo o anterior sen esquecer as familias, ás que nos debemos dirixir para explicarlles o que facemos, e para influír nelas para que apoien o noso traballo normalizador. Non podemos esquecer que moitos dos nosos proxectos non van ser ben entendidos se non llelos explicamos. Ademais, sen caer en intentos de adoutrinamento, debemos mostrarlles, con argumentos pedagóxicos, as potencialidades que ten o galego para os seus descendentes. Deberíamos tentar convencer ás familias, tanto as que falan galego sempre ou ás veces, como aquelas nas que falan uns membros si e outros non, que a mellor herdanza que lle poden deixar aos fillos é a lingua. Mesmo as familias nas que xa non fala ningún deberían recoñecer o proveito que lles reporta este patrimonio para os seus descendentes.

Estes son só uns exemplos, mais todas as ideas que cada equipo analice, reflexione e as considere adecuadas ao seu contexto serán proveitosas e evitarán que prenda o lume no monte xa queimado.

novos medios para unha galiza en movemento

Os medios de comunicación *mainstream* adoitan dicir, especialmente cando reciben críticas, que simplemente se limitan a ser reflexo da realidade e a ofrecer o que o público desexa consumir. Mais o certo é que os medios non só espellan a realidade: tamén a acoutan – decidindo o que forma parte dela e o que permanece oculto –, móldana, interprétana e proxectan novas realidades.

Como cidadás e cidadáns, como educadoras e educadores, debemos reflectir sobre a nosa relación cos medios de comunicación e tamén sobre a súa incidencia na formación do estudantado. A nosa posición é que cómpre contribuír a abrir o leque de opcións informativas, como achega para unha sociedade mellor informada e formada, máis crítica e consciente. En Galicia, nos últimos anos teñen nacido diversos proxectos informativos dignos de atención e de apoio, que se uniron a aqueles que conseguiron sobrevivir á crise que levou por diante cabeceiras históricas como *A Nosa Terra*, *Galicia Hoxe*, *A Peneira* ou *Vieiros*.

Hai unha Galicia viva e en movemento, que constrúe novos canais para se relacionar entre si e co mundo. Unha Galicia que se expresa na lingua propia do país; que non depende de subvencións gobernamentais, de grandes corporacións ou de magnates; que non ten medo de ir contra a corrente cando as circunstancias o esixen; que exerce a liberdade de pensar o país desde nós mesmos e non desde coordinadas impostas. Esa Galicia dinámica – a do asociacionismo, a do cooperativismo, a dos novos emprendementos, a dos movementos sociais... – madura a cada día máis, apesar de todas as dificultades, e precisa de medios de comunicación deseñados sobre eses mesmos principios, medios nos cales poida se sentir representada.

Afortunadamente, eses medios xa existen e progresivamente van ocupando novos espazos. O hábitat máis fértil para ese novo xornalismo é sen dúbida a web, onde a penetración dos medios en galego, independentes e de calidade é moi superior á que se pode atopar nos quiosques, na televisión ou nos diais radiofónicos. Xornais dixitais como *Praza Pública*, *Sermos Galiza*, *Galicia Confidencial*, *Diário Liberdade* ou *MundoGaliza*; xornais comarcais como *Certo*, *Mariña 3*, *Que Pasa na Costa* ou *ValMinor.info*, dentre outros; revistas como *Tempos Dixital*... E a eles hai que engadir novos proxectos televisivos radicados na web, como é o caso de *Galiza Ano Cero* ou *Irmandade.tv*.

Mais tamén fóra da web hai xornalismo na nosa lingua: os semanarios *De Luns a Venres* e *Sermos Galiza* e as revistas mensuais *Tempos Novos* e *Novas da Galiza* constitúen unha interesante oferta de medios impresos, aos que en breve se unirá *Luzes*; e as emisoras de radio en lingua galega, a maioría delas agrupadas en Radiofusión, son outra alternativa nun ambiente dominado polas grandes corporacións españolas. E como sabemos, tanto elas como as empresas transnacionais que dominan a maioría dos medios impresos adoitan mostrar escaso ou nulo interese pola realidade galega, salvo para informar de catástrofes ou de anécdotas.

Para construírmos o país que desexamos, necesitamos antes de máis nada persoas que o pensen e medios que lles dean

voz. Por iso, contra o pesimismo e

a fatalidade, pola pluralidade

e a innovación, desde o STEG

apoiamos os medios en galego,

independentes, plurais e

de calidade; e facemos un

chamamento a cada unha e

a cada un de vós para que

vos impliqueades na medida

das vosas posibilidades,

na certeza de que

estaremos axudando a

facer de Galicia un país

máis libre, máis moderno

e máis dono de si. Un país

consciente do seu potencial

e dos seus problemas, do

seu talento e das súas

limitacións; un país no que

sexan posibles o debate

de ideas e o contraste

de alternativas, sen as

censuras nin exclusións

que son hábito noutros

medios. Os medios de

noso son unha parte

imprescindible do

presente e do futuro

desta terra e merecen

todo o noso apoio.



12 xosé vázquez pintor

nas arestoras escoitar ou dicir Wert é unha provocación



Dramaturgo, ensaísta, narrador, poeta, activista cultural, columnista de prensa... A traxectoria pública de Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1946) esixe lentes de capacidade poliédrica para ser captada e avaliada en toda a súa riqueza e profundidade. Docente de profesión nas aulas de primaria e de secundaria, coa materia de lingua e literatura como grande agra en que sementar inquedanzas e procura, charlamos con el para deixar negro sobre branco fe do seu saber peneirado de experiencia.

entrevista

Na túa infancia na “Terra do Medio” (Melide, Agolada...), quen te achegou por primeira vez aos libros, en xeral, e aos libros galegos, en particular?

A miña nai tiña unha adoración especial por Rosalía; un exemplar de *Cantares Gallegos* sentaba prestixio e confianza na casa petrucial da Ponte de Penas, en Santa María de Melide. Fora un agasallo do primoxénito da familia, Roque, que estudara en Poio. O libro nunca mudou de lugar; porén os versos de alomenos sete poemas viaxaban na memoria de Antonia, a miña nai, que chegaron autentes ata Agolada. Eu tiña catro anos e viña recén dende Melide, co castelán do cerne da vila que me dera aquela tanta e primeira luz nos ollos. Lembro o cariño e a emoción na súa voz de recitadora. O meu pai ollaba en min co seu sorriso. Cinco anos despois díxome onde estaba o libro: no móbel do comedor da Casa de Penas. Fomos un día de festa alá. Colleuno e púxomo no colo das maus. ¡Que non che caía, ten moito tino!. Abrino e pecheino con certo agarimo. “¿E podémolo levar pra Agolada?” -díxenlle-. “Hoxe non se pode, ha ser outro día”. “¿E hainos a vender na feira?”. Sorríu e díxome na orella, “hainos en Santiago”. Na feira si que estaba “O Gaiteiro de Lugo”. O meu primeiro contacontos; cos meses e cos días; versos e domingos; festas; a primavera, o inverno; adiviñas, contos, romarías..., na miña lingua.

E cales foron os autores/obras que marcaron os teus primeiros espertares?

Rosalía e Pondal, nos seus territorios da ensoñación e das denuncias. Curros, o primeiro dos cabreados resistentes. Cabanillas, un facho cabo do mar en terra. E axiña, a descuberta das Cantigas, coma unha estrelecida: a marabilla; cada palabra un símbolo. Eu soñaba poeta, xogar, músico, océano; vivir así. Dende aqueles bacharelatos (elemental e superior) *por libre*, albisquei tamén a lumieira silenciada de García Lorca, Miguel Hernández, Machado, Juan R. Jiménez... Eran desaparecidos a mantenta o noso Medioevo e os séculos varridos (esas fervezas do silencio que seguían rompendo nos escuros, indo, vindo, na terramar, na espera do fulgor): e abrochaban en obra digna as agramas dos séculos; na ferveza, no corgo, nos mences do XIX, do XX...: Cunqueiro, Blanco Amor, Otero... E nas atmosferas abafantes aínda aquela nugalla da Terra a prol dos programados silencios, coma tal nas arestoras; esa maldición das comichuras que comandan os fidalgos das pandiñas, comisarios que aínda están aquí.

Seica no xurdir da túa vocación de escritor, e polo tanto, de comunicador, tivo moita importancia unha experiencia de traballo que tiveches sendo mozo nun medio radiofónico. Como foi ela?

Eran os meus dezaseis e dezasete anos. Preparaba *por libre* o bacharelato superior. Escoitaba RNE na xastrería do meu pai. Un lume manso medraba en min a prol do xornalismo. Afoute, coma os galegos/as de case sempre, soñaba unha columna, un micrófono, unha gravadora: papel, radio,

tecnoloxías...” ¡Mamá, eu quero ser xornalista!”. “¿E para ónde tes que ir?”. “¡Madrid ou...! “¡Nós non podemos tanto, Pepiño”. E Alfredo de Vila de Quian deu o consello coma sentenza: “primeiro cocemos o pan e despois xa virá máis festa”. Eu pelexaba co grego e co latín dende a ribeira do Arnego. Alcanzado o título, o ceo semellaba máis perto. De axiña mestre e despois “a festa”: o xornalismo. Todo era un soño. E veu de axiña o sol: “La España que trabaja”, programa radiofónico nas mañás, de luns a venres, de RNE, dende Madrid. A porta aberta para a audiencia. E aí estou xa de voluntario correspondente dende “Agolada (Galicia), la crónica pintoresca de Xosé Vázquez Pintor”. Un as de autoestimas entraba cada xoves na media mañá no meu caletre e no meu cuarto (os meus pais escoitaban a crónica dende a xastrería, sen dar alento nen puntada); daquela eu xa tiña un agasallo de aparello novo e pequeniño, coas voces de Manoli Campo e Ronaldo Gómez de Helena: portavocías, que modulaban sempre ben e paseniño as palabras da Lingua Gallaecia: o léxico non traducíbel, o xeito da fonética labrega e sempre a despedida “os meus bicos dende Galicia”. Autoestima a esgalla. Perdurei anos e tiña amigos compañeiros correspondentes en Canarias, Salamanca, Béjar, Arriendas, Ferrol, Sagunto, Granollers, Bilbo... Na primavera do 1968, eu xa mestre na miña segunda escola rural, alcancei as ousadías de me facer cunha gravadora para que os alumnos (daquela aínda “las niñas con las niñas, los niños con los niños”) de Santalla de Moar (Frades, A Coruña) desen palabra e desabafo da súa aldea e da súa Lingua. A entrevista gravada saíu nun sol. Inesquencíbel. Fica na nosa memoria.

Resume, por favor, o teu *cursus honorum* académico: en que centros estudaches?; que carreiras emprendeches?; que che aportou toda esa bagaxe?

Dende os nove anos. Regreso a Melide para


estudar na Academia Balmes. Bacharelato por libre, exames no Instituto Masculino d’A Coruña. Cos trece anos soñaba ser futbolista en Riazor e pedínlle a miña nai se podía estudar por oficial, que era máis doado ca por libre; ela dixo si e veu comigo. En poucas semanas xa estaba xogando en Riazor cos infantís do Deportivo; Rodrigo Vizoso era o noso adestrador no antigo campo de terra e de area. Non tardaron en vir os suspendidos nos exames. A miña nai informouse dos meus horarios e varreu comigo aquela ilusión *deportivista* de proseguir Amancio, Veloso, Loureda, Xaime Blanco...Esprintei na primavera para salvar as derrotas do curso con reválida e un cartonciño que repuntaba en letra que conservo: “Bachiller elemental”. Xa era algo. O “Superior” fíxeno por Letras, dende Agolada, debullando o grego e aqueloutro Debuxo que era unha encrucillada de centímetros. Xa estaba perto Madrid, a Facultade de Xornalismo, o meu soño. A noite do párkinson acendíase para o meu pai e houbo que virar a nao de volta á terra: *Maxisterio por libre*, en Lugo, era o destino. Na primavera de marzo marchei para aprehender Física e Química, Matemáticas..., eu que era de Letras. Aproveitei para probar polo C.D. Lugo e así ter unha axuda para que os meus pais librasen das tantas obrigas. Olmedo era o adestrador; tívome consigo todas aquelas mañás de frío e chuva no Ángel Carro... E así, entre as néboas e as distancias fíxenme mestre.

Os teus primeiros libros de poesía, *Gándaras* (1971), *Terra e pan* (1975) e *O espertar tamén é noso* (1977), quedaron unha miga sepultados baixo a etiqueta, pexorativa para algúns, de poesía “socialrealista”. Que nos dirías hoxe sobre eles?

Si, é certo. Porén son os meus benqueridos: frescos, autentes, son saudade e saúde, sen medos, sen Olimpia.

“Sempre estiveron/estou en desabafo, que tamén pode ser o botifora (festa dos remates), feliz para os obradores do silencio, da artesanía da Terra e do Mar que nos con-leva e move.”





Están todos na Seara, a casa común do neno de Melide, d'Agolada e de Quian; do mozo, do rebelde, do pai, do avó e do aprendiz do mar de Cangas, que é a ardora, ese universo. Sepultar a realidade: eso queríamos os/as do meu tempo. *É así a furia do universo, nas rotativas. Eu era. Son aprendiz das senrenuncias (así, todo xunto)*. Non están nas ruínas das lareiras, no chan do cuarto, no bidón do lixo. Son meus: sorriso, pranto, conforto, ausencias, presencias... E bico *Gándaras* en cada vez que nos "miramos": a Editorial Celta, en Lugo (*in memoriam*); a capa de Xan Balboa (*in memoriam*); as fotografías de Sarry; o limiar de Varela Buxán (*in memoriam*); a recensión de Álvarez Torneiro en LVG; a mau aberta de Alonso Montero; a música de Antonio do Troito (*in memoriam*) e a de Xico de Cariño; a escolma de M^a Victoria Moreno (*in memoriam*). Un mundo que nunca varrerei. Porén, con *Ofidios de diario* hai unha virada, non sei dicir se ética ou estética; haina, de conformidade co paso do tempo cara o ad-verso ou o re-verso ou as vice-versas, que todo cadra en ben para *desabafar* ("Bota, bota a lingua fóra, a ver como é que estás"-así dicía a miña nai para a primeira ollada de valer pola saúde do seu neno-). E sempre estiven/estou en desabafo, que tamén pode ser o *botifora* (festa dos remates), feliz para os obradores do silencio, da artesanía da Terra e do Mar que nos con-leva e move.

Nun dos poemas que máis me gustan da túa obra toda, escribes sobre a experiencia de acompañar a teu pai á Coruña e descubrir o mar. Nalgúns versos dese poema resumes metaforicamente o que eran as aulas franquistas en que che tocou "educarte". Fálanos deses teus anos de escola e dos métodos pedagóxicos que tiveches que afrontar entón.

Si. É un dos poemas que me saíu autente, definido e varredor contra os abismos daquel tempo. A pedagogía e a didáctica máis duras. E a primeira vez do mar, coma un exilio. Eran os nomes líquidos e sólidos do mundo. Nós só tiñamos Miño e Avia; A Coruña e Vigo; Pena Trevinca, por un acaso. Colonización a tope. Abismos de sabeduría do alleo. A castración do noso. A memoria

dos outros, sempre ao lonxe, lonxe. Os exames "por libre" para o alcance do cartón amarelo, onde o teu nome e apelidos aggrandaban a ledicia da casa labrega e mariñeira, a voz da aldea que vai dentro, cando a deserción non era xa premonitoria. Curas e Mestres era o destino máis doado na postguerra dos humildes. As academias, na neuralxia da vila, eran refuxios, pequenas lucernas, "comedores" de sílabas, palabras, números, citas, álxebras, labirintos...e sempre aquel terror das datas de xuño e de setembro cabo de lonxe: A Coruña (no meu caso), Lugo, Ourense, Santiago e Pontevedra. As cinco. Sempre "por libre". Enchoupados polos exames da memoria, en medos; case abismos. Lembro con especial cariño ao profesor que me examinara de grego; por el soñei Atenas. E aínda sigo.

M^a Victoria Moreno inclúete na súa antoloxía de *Os novísimos da poesía galega* (Akal, 1973). Como soubo da túa obra precedente e que repercusión tivo para ti esa inclusión?

Coido que por Xesús Alonso Montero. Todo foi axiña, coma en relampos. Cando me escribiu foi unha ledicia na casa dos meus pais. Xa ela fixera as escollas dos poemas de *Gándaras* e pedíume algúns máis, inéditos. A edición do libro era axiña. Un chimpó. Unha luzada no meu mar das brétemas. E nós dez "novísimos". A cifra. Axiña beberon nela os cantautores de noso. Tiven a sorte de saber e de escoitar a voz e a música de Antonio do Troito, de Antón Seoane e Rodrigo Romaní, de Bibiano e Benedito, de Xico de Cariño, de Pilocha, da Música emerxente e libertaria de Na Lúa, de Suso Vaamonde... Unha sorte que me fixo moito ben nos meus soños de arrieiro coas palabras que non cesan.

Na túa poesía está moi presente a memoria das estirpes labregas e vilegas das que procedes. Cóntanos como vas encaixando toda esa fervenza de referentes e presenzas familiares e como encaixas ti mesmo nesa constelación humana que che dá identidade.

“Eu tentei, tamén tento na literatura, ser ese mensaxeiro que non arría os petates de por vida.”

A voz da estirpe. O cariño da Casa. O sabor da terra en quente, coma un pan. Os ollos da miña nai e do meu pai. Os bicos da familia labrega. A mau da aldea. O can, a égoa, as vacas e as ovellas de Quian. As galiñas en familia e o galo teso e cantador...A Rúa do Convento na vila de Melide, a tenda da señora Anuncia, onde eu era aprendiz de cabaleiro nas albardas. O Arnego; os pendellos d'Agolada; a cidade d'A Coruña; o “Ángel Carro” de Lugo, en néboa permanente dos meses do inverno cando eu soñaba en futbolista; a descuberta de Pontevedra e Vigo; Ourense, Ferrol. O val de Quilós, en Cacabelos, ondeouben beber e vivir Galiza no profundo da Historia e do cariño que vén de lonxe lonxe, alén de Pedrafitas do Cebreiro; eu señor condutor de seat 600 D (terceira mau), residente feliz no val do mellor tabaco do mundo, que fala e sabe coma nós. E as escoliñas unitarias de Santalla de Moar, de Présaras, de Laro...ata chegarmos, a moza e máis eu, ao mar de Cangas, coma un bico da sorte que non cesa. Velaí é. Palabra e obra. A Terra e Nós. Literatura..., tamén.

Cadrouche vivir en plena madurez vital xa os anos da chamada “Transición”. Cántanos como foron eses anos para ti e que valoración fas desa época, tan próxima e ao mesmo tempo tan distinta á actual.

Acaroadado ao cariño da memoria, que cadrara coas primeiras despedidas da familia: aqueles cinco balaustres que me regalaran a infancia feliz da aldea de Quian e o soño libertario de Melide e Agolada. Estabamos todos xa case todos, que eramos ben poucos, na terramar de Cangas. O sorriso dos meus pais e dos meus tíos, a chegada dos nosos fillos; aquela tanta luz dos vinte e poucos anos, que derrubaban na

noite os trasnos e as cancelas. Un frenesí nas corredoiras do mar en terra. Non hai comparanza daqueles anos cos que agora temos por encauto e castración sistémica, caladiña e raposeira, coma quen che dá un bico “na inocencia”. Resistir andando, e non nas esperas. Labazadas, proxectos, sempre avante en cadaquén. Era o tempo grisallo, mais era o tempo. Hoxe medraron as víboras e as avésporas e os días son captivos. Cando releo as miñas crónicas nas “columnas de papel”, ollo ben ao lonxe e... recuamos. Un fío branco de traiduría pousame nos ollos, coma un lixo, despois da tanta espera e esperanza. Mais aínda non nen nunca o desespero en rendición.¡Habemos para sempre bicar terra, ceo, nai, océano!

Como era o clima que se respiraba nas aulas e nos claustros cando comezaches a túa andaina profesional? E como cres que foi evoluíndo despois, ata hoxe?



Eramos noviños. Viñamos da noite. Soñabamos luces. Os vinte e poucos anos sabían a pan de fresco. Eramos os sorrisos naqueles cuartos de normativas e condutas adubias. Mais axiña rompemos os valados, aínda nunca os muros, paseniño, na humildade. Falabamos galego en sempre. Xogabamos cos alumnos nas horas de lecer. Eramos dun tempo novo. Eu quixen ser Teatro e Lingua a un tempo. Foi posíbel. Sabiamos que detrás e diante eran as vixías. Abríanse así, de paseniño, fiestras da esperanza. Deixaban facer, coma unha mornura. Eramos tres catro cinco seis os dos pés no vento futuro. Aínda era a nordesía. Viñeron sumas, paseniño. E despois daqueles anos...abrochou de volta, por acaso e nunca sempre, a nordesía. *De ida e volta*, era o nome do libriño humilde da colección “O Moucho”, que me editara aquela persoa de ben e entrañábel que atendía por Xosé M^a Álvarez Blázquez. Os primeiros pasos dunha andaina resistente.

Unha das experiencias ou facetas túas que menos estudadas están é a de animador e director (e non sei se tamén guionista, produtor e algunha outra función máis) do grupo-escola dramática “Ancoradouro”, fundado por volta de 1982. Que nos evocarías dese grupo, das súas montaxes, ata a súa desaparición en 1994?

O mimo foi un chimp de ledicia. Nas arroutadas da vida de cadaquén xorden así as luces máis diversas. Eu era un namorado de Marcel Marceau. Abondara saber del e do seu mundo polas imaxes da TV. Namorei así do silencio. E xa de vez as ousadías na proposta para un xogo colectivo co alumnado no Colexio Público de Coiro, en Cangas. Máis de cincuenta nenas e nenos a prol da ensoñación. Co paso do tempo, elas / eles en medras, e as estimas en alza: viaxes a Porto, Coímbra, Barcelona, Bilbo... A TVE2 nunha reportaxe de trinta minutos. A TVG, os convivios co Teatro amador en Ferrolterra. As resistencias. Mónica e Pili foran as penúltimas dentro dunha decadencia cultural que ía en medras sucesivas. Pili Rial emigrou a Holanda e Mónica Camaño velaí a está: actriz total na sempre vida. Mais e última xeira había de chegar, chegou, coa premura dunha nova anada dende os xubilados/as de Cangas: elas, eles contra o desespero e os aburrimientos. Demandaran axuda para facer teatro, seren intérpretes das tantas vidas. Nace así o Teatro da Casa da Bola. A marabilla de obra en pé: cariño, humildade, resistencia, vocación de intérpretes da vida. Lembro e gardo no profundo aquelas tantas voces e agarimo, os seus rostros e os seus nomes.

Que consellos lle darías a calquera docente que quixese poñer en marcha experiencias de teatro escolar neste preciso intre? Con que repertorio e orientacións coidas que podería traballar, para comezar?

Insistir nas posibilidades, que todas estarán abertas se hai amor polo noso: tradición, modernidade, vangarda. O corpo humano necesita, quere, demanda extroversión xa dende a infancia. E a



“O talento está e medra en cadaquén que escoite e recolla os legados, as superficies e o profundo das mensaxes que nos nacen dende antigo.”

Gallaecia, de antigo, necesita esta saída libertaria, intelixente, que vai e vén de lonxe cara ao paraíso das ledicias (que na mutación dunha letra tamén podenden ser delicias).

Na colección “A Pinguela” de teatro escolar, que promoveu Xosé Luna coas súas Edicións Fervenza, apareceron varios traballos teatrais teus dirixidos ao público infantil: *A fraga encantada*, *Sala de espera*, *A sombra da memoria*, *Os pés do vento ...* Que trazos caracterizarían, esencialmente, o teu teatro para ese público?

A este respecto herdei a palabra, o xeito e as mensaxes de Varela Buxán, o “filósofo do arado” (que así o nominara Castelao aló en Bos Aires): ilusión, cariño, compromiso, resistencia, lealdade. As súas comedias “facían rir á xente, con-mover-se”. O mundo en pé e en obra. Cada peza un xesto, un xeito, unha virtude necesaria a recompor o corpus galego de Aquí e dos Alós e Trasdálós que sempre temos no mapamundi. Velaí as esencias. E eu tentei, tamén tento na literatura, ser ese mensaxeiro que non arría os petates de por vida.

Que valoracións che merecen a situación actual do sistema educativo e os proxectos que, resumidos co nome de Lei Wert, se están barallando para aplicar nel?

O sistema educativo de noso confórmase coas migallas cando hai festa e cando non a hai devala cos designios foráneos dun Estado que conleva e conserva os propios estatutos nunha albarda dos cen anos de arrieiro vai, e basta xa. Na miña andaina como profesional fixen e desfixen ao meu aire, caladiño.

E o alumnado soubo e quixo sempre atender e agradecer. E foi así nos tres estadios competentes de por vida profesional: escolas unitarias, de primaria, de educación permanente de adultos, de secundaria. Aí parou o carro en andaina feliz cos tres lugares: Vigo, Cambados, Pontevedra. Nunca esquencerei. Nas arestoras escoitar ou dicir Wert é unha provocación.

Volvemos á túa obra. A partir de 1984, coa edición de *Ofidios de diario*, pero, sobre todo, a raíz do premio que obtés en 1989 con *Na vertical da noite*, pega un xiro importante, tanto cara adentro (nos seus temas e xeitos de expresión) como cara afora (na súa maior repercusión e acollida). Como ves ti hoxe ese momento talvez decisivo da túa traxectoria e como avalías o que pasou no panorama poético por volta desa década dos 80?

Se non foi unha “década prodixiosa”, si que foi unha década revolucionada, evidente, lúcida. Os ruralistas, nunca rendición, soubemos convivir cos urbanitas. Cadramos en que os espazos non eran exclusivos; unha liortina, un agocho ou unha eiva. O talento está e medra en cadaquén que escoite e recolla os legados, as superficies e o profundo das mensaxes que nos nacen dende antigo. A Poesía nace na terramar que alcende, sementa e abrocha dende os séculos. Somos. Existimos. En serio non hai Everest. Hai cordais, veigas e valiñas, terra, océano. ¡Estamos vivos!

Con todo, a túa consagración como poeta chegaríache coa tríada *No corazón mancado* (premio Esquío, 1989), *Rotación violeta* (1996) e *Banzados* (premio Novoneira, 2001), axuntados co resto da túa produción no volume *Seara: obra poética (1971-2011)* que che editou Espiral Maior. Que lle dirías a un lector/a que non coñeza aínda eses libros?

Que son a triloxía da memoria e das esperas. Unha valiña. O mar da casa. O amor en bicos.

Tiveron moito éxito no seu momento os libros dunha serie que compuxeches sobre oficios artesanais tradicionais da sociedade galega, con títulos como *Os vellos oficios* (1996), *A tribo sabe* (1999) e *Tal era vivir* (2004)...

¡A marabilla en pé! Foi esa xeira que valeu uns mundos: literario, lingüístico, sociolóxico, afectivo, solidario, agradecido... en sempre. Cheguei a tempo de que os telleiros de nombradía que emigraran cada primavera e verau cabo de lonxe, significadamente a Castela, non esborrallaran nunca a súa memoria resistente e afectiva ata o remate das súas vidas, por mor dos tantos anos. Os Cabaqueiros do Rosal e do Salnés; os Afiadores de Auria, en Luintra e Loña do Monte; os Arxinas da Terra de Montes; os cesteiros de Mondariz; os Zoqueiros/as da Terra Chá e de Merza; as Panadeiras de Cea; os Ferreiros de Riotorto; os Ferradores de Penaporrín, os Encadernadores de Viveiro; os Aceiteiros de Quiroga; os Borreiros de Forcarei; as Carreiras do Cordel e as Atadeiras de Cangas e de Moaña; os Colmeiros do Cebreiro; o mundo das Feiras e Mercados nos Pendellos d´Agolada....Mundos. Nais. Pais. Irmaus. Amigas / os sempre. Resistencia. Amor. Orgullo. Herdanza. Velaí a marabilla destes encontros de por vida en obra. ¡Tanta familia!

Nun dos artigos que recolle o volume *Columns de papel* (Morgante, 2012) aparece o seguinte parágrafo, escrito, todo hai que dicilo, en 1987: “Os que temos a sorte de estar liberados deses mamotretos de palabras mortas e esqueletes de sintagmas que son os libros-asignatura de galego (...)”. Tan mala opinión tiñas/tes dos manuais escolares? Por que?

Era no 1987. Velaí como ben cadran as ousadías do “articulista” co sentimento da forza demandante que non cesa. Aborrecín de sempre o aburrimiento do ensino en mamotretos, que a nosa memoria larpaba en devoración do si ou si por mor dos exames que conlevaban os pasos sucesivos cara as titulacións en curso. Era a ditadura franquista. Era a infancia, adolescencia, mancada pola sombra das expectativas coa fame na casa e aínda as maletas para fuxir. Daqueles libros mamotretos, aburridos, sen afecto, ledicia e lealdade, aborrecín en descantá. Porque eu sufrira eses mesmos

“Non era nin son un resentido. Nunca o fun. Nunca o serei. Dun tempo acá, eu aínda nos cabreos, as melloras seica van a máis. Mágoa da tardanza.”

Outro dos campos que cultivaches foi o do xornalismo. Con que premisas básicas afrontaches esa xeira e cal é a túa opinión sobre a calidade e o papel cívico da prensa editada no país actualmente?

É a miña vocación. Quixen ser xornalista. Naquel tempo dos meus poucos anos o destino era Madrid, Barcelona, Pamplona. O meu pai caía derrubado polo párkinson e houbo que gañar o pan no ensino: o máis nobre dos oficios. Mais eu sempre soñei... As premisas para esta vocación van por dentro de cadaquén. lembro que escoitaba na infancia a lectura, en voz de barítono, do señor Caleiro, un emigrante que regresara de Bos Aires e visitaba todos os días a xastrería do meu pai: lía os titulares do *Faro de Vigo* e facía axiña o comentario en son de alerta, coma en aviso de tertulia e/ou discusión. Eu quería ser coma el: demandante, cronista, pensador. Deixara así unha pausa e un mandado no silencio para min. Case corenta anos de xornalismo. Moita sorte cos medios. Moita forza e ilusión da miña banda estreita. Gardo con cariño aquelas datas. E xa de axiña, rematado o ciclo do programa radiofónico dende Madrid, tiven a ousadía de palabrear por escrito con Pedro de Llano (*Boceio*), director do xornal coruñés *El Ideal Gallego*. A ceo aberto e compromiso sen coutos para a Lingua, andei dous anos de columnista. Unha marabilla de xornal, de director, de xornalistas. E axiña, xa en marcha a prol da miña vocación de sempre, as fortunas de proseguir nas páxinas que me honran: *Faro de Vigo*, *La Voz de Galicia*, *A Nosa Terra*, *Diario de Ferrol*, *Diario de Pontevedra*, *Vieiros*, *Radio Galicia*, *A Nosa Terra*, *TV do Morrazo*, *Praza pública*, *Sermos* ... A TV foi o meu último bocadinho: esa larpeirada de nos ver no programa en directo, de fronte coa intemperie, ceibe no guiño e na palabra. Eran os derradeiros tempos da Televisión do Morrazo, derradeiros meses do século XX; *Ardentía* era o seu nome. Convivio na noite. Fica na memoria. E saberei sempre agradecer as voces que me deran consello e porta aberta: Manoli Campo e Ronaldo Gómez (RNE), Pedro de Llano, Tareixa Navaza, Cunqueiro, Arturo Lezcano, ANT...Era a frescura a prol dunha vocación sentida. Vivía do ensino. Nutríame do xornalismo. Non souben dos medos da censura; e andei en medras nos da transición. A terapia máis fermosa para *desabafar* dende as columnas de papel. Unha sorte. Arestoras medran os pícaros do revés, os entreliñas, os entreteas; o mundo en falso, hipócrita e lambedor: as cen mil légoas cara atrás, ese ceacú.


NARRATIVA

Xosé Vázquez Pintor *Mar de bronce*



NARRATIVA

Xosé Vázquez Pintor *A memoria do boi*



“Amo os vagalumes. labran e aman na noiteña. Arriscan co farol e fan o amor coas palabras de seu, da fala. Neles medra o silencio e o labor.”

feos na outra lingua que era a única, en réxime, en castigo, en desolación. Nunca puiden soportar os tochos. Páxinas e máis páxinas que sabían a barolo e a destempo. Nunca a frescura. E non era nin son un resentido. Nunca o fun. Nunca o serei. Dun tempo acó, eu aínda nos cabreos, as melloras seica van a máis. Mágoa da tardanza.

A pregunta anterior lévame a outra tamén relacionada con materiais e métodos pedagóxicos. Como afrontaches as tarefas docentes e que dinámicas e actividades que empregases na aula ao longo dos anos che deron mellores resultados?

Naquela desolación dos poucos eu tiraba da oralidade: a marabilla en pé. O alumnado escoita e aprende, de paso, a música da Lingua. Hai así a chispa da outra comunicación: máis autente, máis afectiva, máis dialogante, máis de máis. A min, que son palabreiro de nación, deume resultados positivos, aquí, alá e acolaló. Nas sen fronteiras de Galiza a Terra sempre fala, escoita, bebe e sabe de seu, ¡con música fonética!; que para moitas/os aínda está sen descubrir.

Aló polo 1999, coa novela “futebolira” *Lume de biqueira*, lanzaste a publicar prosa ¿Que te animou a afrontar ese novo xénero e que diferenzas atopaches á hora de producires a túa literatura entre o manexo do verso e o da prosa?

O formato prosa / verso podería ser un adubío. Non o é. Alomenos para min. O verso é máis difícil, conleva a doma, os equilibrios, a inminencia e un caudal de imaxes perigosas: ou esbardallas e ficas tísico, infeliz, ou temperas da emoción e labras o ritmo que conforma a marabilla de seu. Alguén semella que escribe por ti. A prosa deixa os adubíos no xardín dos arrecendos

e vai na procura do río, do caudal. Pasa a luz e/ou a tempestade e aínda non te decatás cando é que chega, ou quer chegar, a fin da viaxe, coma un suplicatorio que non cesa; e sintes dentro o máis e máis e máis, incesante. O paritorio agradece as esperas e a criatura agranda, conforma, cadra e sae. Xa. Parir sempre é un ben. E agardar.

As novelas que viñeron despois teñen todas elas unha linguaxe moi enxebre e coidada, rica como poucas no panorama literario galego actual. Non merecerías ser xa académico da lingua por elas? E que me dis das recentes reviravoltas vividas no seo da Corporación?

Hai un tempo dixer nun xornal galego que eu non acredito nas Academias. Son posturas. Vontades. Lucas no mencer do ceo. Eu amo os vagalumes. Labran e aman na noiteña. Arriscan co farol e fan o amor coas palabras de seu, da *fala*. Neles medra o silencio e o labor.

A memoria do boi (2001), para min o mellor dos teus libros de narrativa, constitúe un polifónico e poderoso retrato evocador da Pontevedra doutros tempos. Como foi o proceso de creación desta magnífica obra, premiada co Torrente Ballester?

A maxia do silencio na mañá da Pontevedra antiga. Tiven no ano 2000 dúas horas de andar na Historia da cidade pequeniña coma un queipo que deita en terramar. Era outono, inverno e primavera. Eramos ela e mais eu sobor da pedra das alturas e dos lousados. Era a chuvia. Era vento. Era escoitar. Na tarde chegaba a Cangas e labraba a memoria. O boi sempre foi o animal do meu respecto ou medos. Captivo. Aló na aldea máxica de Quian. Eu un neno feliz que sempre quixo ver, escoitar, sentir...Boi coutado, boi pai, boi amigo, boi leal. E axiña os paraísos de Boapedre. A atmosfera da vida. Voces, ecos, anacos de Historia, ferrados de invención. Arquitectura. Amor. Boapedre: aquel tanto meu xardín de escriturar.

O ambiente hospitalario envolve o transcurso da novela *Quen faga voar* (Laiovento, 2000) que obtivo o premio Carvalho Calero. Como e por que afrontaches a súa confección?

Era unha débeda, sempre a memoria, co devalar das vidas que se achegan aos Hospitais Públicos. Eu asistira neste trance das noites e dos días cos familiares de María e mais dos meus. Pontevedra e Lugo foran o destino onde saber das noites e dos días. A dor allea. Os convivios no cuarto que sempre desespera. As despedidas. Quixen agradecer dende a literatura o cariño, a vocación, as entregas das ateeses ao servizo impagábel das horas de atención e de vixía. Elas.

En *Mar de bronce* (2003) retratas o mundo laboral do mar e das fábricas da conserva do Morrazo na posguerra franquista. Como chegas a coñecer tan ben esa realidade que non foi a que viviches de primeira man?

Cando cheguei a Cangas namorei do mar da casa, o xardín líquido que mudaba as flores coa luz do día. E fronte a el, soberano coma un coloso, estaba o edificio da Fábrica de Massó. No paso dos días afíxennme aos asubíos da sirena. Mais dunha vez achegueime para ollar o espectáculo das obradoras, abellas brancas á entrada do cortizo. Lembraba Quian, nese paralelismo cos insectos que labran o mel. Souben axiña que os produtos da Conserveira escaseaban en Cangas por mor de que non eran abasto para Catalunya e outros lugares de España e de Europa. Moitas nais dos meus alumnos eran traballadoras de Massó. Namorei da tanta vida en obra. Tiña que chegar un tempo para novelar a historia. E foi así, de súpeto, coma o trebón da primavera. Gostei

“A ousadía pode estar en como é que sinto, soño, escribo dende o outro sexo humano as venturas e ousadías.”

moito dos días que ocupaba sendo eu dono e señor das idas e das recaladas. A Fábrica xa non era, e si que estaba. Está aínda aquí. Peito espido cara ao mar, esquelete, cheminé, ponte do barco que navega na memoria da vila que tanto quero e agradezo a súa resistencia de por vidas.

***Para dicir abril* (2008) é unha novela complexa, poética e densa que está protagonizada por unha muller que repasa con estremecedora autenticidade a súa vida e reivindica a súa sexualidade fronte a todos os corsés e preconceptos estabelecidos. ¿Que razóns te animaron a afrontar unha temática tan inusual e tan arriscada na nosa novelística, na que perseveraches co posterior *Máis vidas* (2010)?**


Outra das ousadías que viñan dende lonxe, nas distancias do tempo e nos espazos. A ousadía pode estar en como é que sinto, soño, escribo dende o outro sexo humano as venturas e ousadías reclamadas por esta mocíña que é lesbiana, marabillosa estampa, voz, palabra e obra contra os designios das arestoras. Foi unha viaxe feliz dende o compromiso e a afouteza. Fiquei namorado das esencias.

A ensaísta cubana e estudosa da túa obra Yanelis Velazco Fajardo considera que a maior parte da túa produción literaria constitúe “un espacio de lucha contra el olvido”. Cadras conforme con esta definición?

Yanelis é unha ventura para a nosa Lingua. Un exemplo a seguirmos no devanar dos días e das horas. Alguén está sempre en atención das Linguas e das Literaturas. A emoción humana reside nos tantos universos do planeta. De cando en vez recibimos a nova de que a nosa flor do soño medra no xardín de lonxe. Ábrese a fiestra da esperanza e varremos de vez todas as derrotas. Non medra a soberbia: resucita o teu mundo, que xa era perdido. Velaí o exemplo de resistir sen couto, ceibe, autente, agradecido aos universos que aínda hai cabo da terra, dos mares, dos océanos da vida. ¡Grazas, mocíña!

Xa para rematar, que cousas tes no forno a cocer para deleitarnos no inmediato futuro?

O segundo volume das *Columnas de papel* (1993-2013), en Edicións Morgante, e a novela *Antípodas*, en Edicións Xerais de Galicia, nos vindeiros meses.



20 o sorriso de daniel

Van alá tres anos e pico dende que un grupo de homes e mulleres chegados de todos os recunchos de Galicia nos xuntásemos o 6 de marzo de 2010 para lle dar forma a unha paixón que xa sentíramos moito antes: o amor polo patrimonio románico galego.

Algúns xa nos coñecíamos. doutros sabíamos polas súas publicacións. E houbo tamén quen chegou alí porque se enteirou milagreiramente da convocatoria –díxome un amigo que lle dixera un curmán que coñecía a unha rapaza...-. Botaba a andar O Sorriso de Daniel, unha nova empresa - esta sen ánimo de lucro - que buscaba divulgar a grande riqueza patrimonial do noso románico, reivindicar melloras no xeito de abordar a súa conservación e sorprendernos a nós mesmos polas descubertas que uns aos outros nos íamos facendo. Por sorte o número de socios non parou de medrar nestes tres anos.

Con xeito propio

Nese mesmo ano de 2010 comezaron as xuntanzas, os intercambios de correos, as conversas telefónicas entre nós. Sabíamos qué non queríamos ser. Non queríamos converternos nunha asociación de excursionistas que se citan para ver xuntos edificios románicos, intercambiar fotos e organizar de cando en vez algunha conferencia cun prestixioso profesor de algunha universidade. Non queríamos traballar para nós. Pero sabíamos o que queríamos ser? Houbo que lle ir dando forma pouco a pouco. Queríamos traballar cara fóra. Cara aqueles que pasaban a rentes das moitas igrexas románicas que Galicia ten sen reparar que o edificio que acababan de deixar atrás era a páxina dun fantástico e privilexiado código que é o tesouro do románico galego. Como en todos os códigos hai páxinas maravillosas nas que os copistas deixaron moitas horas de traballo iluminándoas, trazando as súas letras capitulares e outras páxinas máis modestas nas que o traballo foi de menos reparo. Pero eramos sabedores de que a perda de calquera delas réstalle valor á obra completa.

Foi por iso que logo de facer a primeira xeira románica polas terras queridas de Samos e O Incio botamos a andar unha primeira actividade románica nas terras da Ulloa. Cumpríanse os primeiros 500 anos da Feira de Monterroso e alá fomos, puxemos unha mesiña informativa no medio e medio da feira entre un posto de noces do país e outro de fabas de Lourenzá. Vendiamos uns calendarios cunhas fermosas fotos que nos fixera Soledad Felloza pero, sobre todo, informabamos sobre cómo chegar ás 9 igrexas que durante todo o día tiñamos abertas. 9 igrexas abertas cos seus guías vocacionais explicándoas. O recado estaba dado: O románico galego quere desfechar a súas portas!

A experiencia piloto funcionou e esas citas nas que nunha bisbarra concreta abrimos simultaneamente varias igrexas durante unha ou dúas xornadas vai camiño de se converter nun dos novos xeitos de traballar. En setembro deste 2013 voltamos a facelo en Taboada para lembrar o primeiro cabodano do pasamento de Xaime Delgado Gómez.

De-Ambulatorios Románicos

E naquel primeirizo ano 2010 mentres collíamos alento tralas xornadas da Ulloa derrubouse a fachada do Pazo Bispal de San Paio de Diomondi. Un edificio medieval anexo dunha das máis fermosas igrexas da Ribeira Sacra chamaba por nós. E alá fomos. Convocamos unha xeira e un numerosísimo grupo que excedía o centenar de persoas dixo ao pé das ruínas que nos poñía colorados que ninguén escoitase as voces de

alerta que hai tempo se viña dando. Comezaba a andar o De-Ambulatorio Románico unha sección que traballa arreo dende aquela e que se adica a organizar actividades nas que o principal foco de atención se pon sobre edificios ameazados ou en grave perigo de desaparecer. Algúns destes edificios máis que un Ambulatorio o que precisan é unha UCI. Enviáronse cartas ao Parlamento de Galicia, ao Ministro de Xustiza - que neste noso país pasa cada cousa...-, á Dirección Xeral de Patrimonio, a diferentes Concellos. Pero dende o De-Ambulatorio Románico sobre todo o que se fixo foi traballar a pé de edificio. O que alguén pode chamar a “acción directa e a propaganda polos feitos”. Subimos o camiño de cabras que une Pardollán coa súa igrexa románica de Santo Estevo cargados con desbrozadoras, sachos, enciños... para liberala da maleza e para buscar que os ollos se virasen para ela. Fixemos o mesmo en San Paio de Abeleda onde os traballos se prolongaron cinco días ou en Santo Estevo de Ribas de Sil, onde unha cancela e as silvas secuestran aos visitantes a beleza dunha das máis interesantes ábsidas do románico galego. O obxectivo sempre o mesmo: darlle visibilidade para logo instar ás autoridades por todos os medios ao noso alcance a que actúen.

A presenza nas redes, os escritos que pasaron por rexistro oficial, as xeiras, os calendarios románicos fóronse multiplicando grazas ao traballo de moitos socios e socias. Activos, optimistas, xente que non baixa os brazos nin agarda a que as grandes institucións aparezan para inaugurar o enésimo centro de interpretación que desinterpreta o noso pasado.

Cando no ano 2012 a Fundación Premios da Crítica nos concedeu o galardón á mellor iniciativa cultural dixemos que nós non o merecíamos pero que o recollíamos en nome de todos os galegos e galegas que contribuíran a que máis de 800 edificios fixesen unha travesía de oito séculos e chegasen a nós. Foron milleiros de persoas ciscados por toda a xeografía galega ao longo de tantos anos. Seguimos xuntos esta tarefa?

tempos novos para rosalia

Centocincuenta anos do “este vaise, aquel vaise, e todos todos se van” e as cousas non mudaron moito, Rosalía querida. ¡Galiza segue quedando sen homes! Bueno... e !sen mulleres! Con isto da globalización, a emigración tamén se mundializou: abríndose, espallándose e afectándonos a tod@s. Agora o éxodo éche asexual. !Que ben soa tanto “xis” xunto!

“este vaise, e esta tamén, aquel vaise, e aquela tamén, e todos e todas se van”.

Amais, na Galiza matriarcal, o mando masculino éche hipotético de todo: a Maruxa é bastante máis galega que o Pepiño (cando menos no que a ordenanza se refire) ...

“esta vaise, e este tamén (pero con disimulo), aquela vaise, e aquel tamén (sen poder evitalo) , e todas, TODAS se van” (levando a rastras aos homes!).

A diferenza de antes, no que se tomaba a emigración coma último recurso, agora estache bastante de moda. Publicítase nos medios indicando que vivir coma galegos é emigrar coma tais. O determinismo xenético xa nos pon cuño!

“esta vaise, aquela vaise, e todas seguen a particular marca xenética” (poida que leven apegados a este e a aquel na excursión).

Con tais antecedentes, para poder sobrevivir na aldea global a que estamos abocados, ter coñecementos de inglés estache moi valorizado. Idioma rápido, lóxico e funcional. Pero ben, deixando claro de onde se é, a “diversidade etnográfica” entre a xente cool estache moi ben vista.

“This go out, that go out too” STOP.

(soando de fondo o ruído de gaitiñas “pouco estridentes” da Real Banda de Ourense).

Entre as que quedamos na terriña, o sentir éche ambivalente. Hai quen non ten a sorte de sentir apego pola terra e pásase directamente ao castelán-inglés sen problema. Hai quen segue a utilizar a normativa xuniteira (sendo coñecedora dos continuos ataques á lingua e desprestixio social por parte do goberno) e hai quen utiliza a gramática portuguesa (con maior ou menor ortodoxia). Tres tipoloxías ben diferenciadas con férreos defensores (véxase Manquilha, Ferrín ou Fagim).

“esta se go, aquela vaise i todos van-se”

Ah! Vivir na Galiza hoxe en día favorece a aparición do transtorno TRIpolar! Que sorte tiveches de publicar “Cantares gallegos” daquela! Hoxe xa non saberías nen como chamalo (aínda que eu quedome con Galician cantares, que soa moi chulo) .



coeducación no camiño á igualdade real

Escoitamos continuamente falar de coeducación, de escola coeducadora, de igualdade,... pero existe na realidade? Estamos nun auténtico contexto coeducativo?

Entendendo por coeducación a intervención educativa que se basea no recoñecemento das potencialidades e individualidades, e na igualdade de valores das persoas independentemente do seu sexo, estamos ante unha escola mixta, igualitarista, androcéntrica,... onde convivimos nenas e nenos, mestras e mestres, profesoras e profesores, nais e pais,... na que aínda existen diferentes formas de discriminación sexista, que se atopa condicionada á aceptación inconsciente de estereotipos sexistas, e na que resulta difícil substraerse dos modelos consolidados.

O sexismo continúa presente no ensino e nas relacións que se dan nas escolas, aínda que maioritariamente o profesorado se declare en contra da discriminación sexista e considere que ofrece as mesmas posibilidades a nenas e nenos. Porque non todas as maneiras de sexismo son obvias e facilmente detectables, pola contra son moi sutiles e precisan dunha mirada con perspectiva de xénero para detectalas e atallalas, e para a que o profesorado precisa formarse e acceder a materiais e recursos axeitados.

A coeducación é un proceso intencionado, que cuestiona as formas de coñecemento socialmente dominantes e conleva a incorporación do mundo das experiencias das mulleres; é unha alternativa crítica e complexa, que supón facer moitos cambios a nivel conceptual; supón tamén, unha reconcepción do curriculum que non pode darse de xeito illado porque implica unha profunda reflexión sobre a organización dos centros, as relacións de comunicación, os contidos, os materiais curriculares, os espazos, a linguaxe,...que precisa dunha análise da realidade que perxudica á sociedade no seu conxunto, non só ás mulleres... tarefa para o profesorado nada fácil levar a práctica.

O verdadeiro cambio cara a igualdade real entre mulleres e homes ten que pasar pola redefinición dos modelos culturais non sexistas e non discriminatorios, para chegar á auténtica

escola coeducadora, garante da igualdade de oportunidades, que culmine na sociedade igualitaria e xusta que tanto desexamos e necesitamos.

Este longo camiño á coeducación conleva unha serie de pasos intermedios nos que cobra destacada importancia a evolución dos modelos educativos relacionados co protagonismo e empoderamento das mulleres na sociedade, que permita a construción de modelos exemplares para as xeracións novas. É moi importante para isto o diagnóstico das situacións, para saber as discriminacións reais das mulleres, así como dos sectores máis afectados.

Haberá despois que establecer unhas prioridades e unha metodoloxía para intervenir nos diferentes aspectos: lexislación, acceso á educación, estruturas dos centros educativos, estrutura curricular, curriculum explícito e oculto, libros de texto, linguaxe, actividades deportivas, uso dos espazos, capacitación e formación profesional, paridade nos órganos de goberno dos centros,... para garantir que nenas e nenos cursen os estudos dacordo co mesmo curriculum, compartindo as mesmas aulas, tarefas e tipos de estudo...; unificando as prácticas deportivas; revisando e eliminando libros, contos, fábulas e materiais sexistas; mostrando a posibilidade de acceder a calquera tipo de profesión, reorganizando o uso dos espazos escolares, etc.

Neste novo espazo educativo podemos empezar a traballar para conquistar a igualdade. É aquí onde se xoga o papel máis importante na contribución de cara a este cambio igualitario.

Porque a escola é un dos instrumentos máis acidos e axeitados para cambiar as sociedades e os modelos de aprendizaxe, pero non so é a escola a que ten que involucrase en crear unha sociedade xusta e equilibrada, tamén a familia, os medios de comunicación, a clase política, a lexislación, a sociedade en xeral...aínda que a escola ten a obriga de proporcionar a dereito ao alumnado a

“A escola é un dos instrumentos máis axeitados para cambiar as sociedades e os modelos de aprendizaxe.”

escoitar e ver cousas diferentes, formas de vida distintas aos estereotipos, xeitos de actuar que non se axusten a roles sexuais e actitudes que permitan ver que outro mundo é realmente posible. Corresponsabilidade, cooperación entre mulleres e homes...é o necesario para construír o camiño de cara a auténtica coeducación, cara a igualdade.

Partindo desta análise teórica e realidade escolar actual, na Asemblea de Mulleres do STEG, elaboramos e distribuimos materiais didácticos que sirvan para sensibilizar, concienciar e facilitar o traballo ao profesorado, porque pensamos e cremos que o camiño eficaz para previr e tratar a violencia machista, para conquistar o apoio e recoñecemento dunha maternidade, paternidade e crianza elexidas e en boas condicións, para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, para garantir a igualdade real é a búsqueda e contribución a un novo marco escolar: cooperativo, corresponsable, igualitario...á auténtica ESCOLA PÚBLICA COEDUCADORA.

o des-concerto dos centros que segregan por sexo

Sobre os concertos cos centros que segregan ao alumnado por sexo pronunciáronse xa o Tribunal Constitucional, o Supremo e o Consello de Estado, ademais dos Tribunais Superiores de Xustiza de varias comunidades autónomas. A finais do curso pasado o STEG gañaba un recurso no TSXG, que declaraba inválidos os concertos con estes centros que foran renovados polo PP nada máis chegar de novo á Xunta. Cómpre lembrar que o bipartito chegara a retiralos, cando xa rematara practicamente o seu período de goberno.

Todas as sentenzas teñen aducido como argumento fundamental o artigo 84.2 da LOE, que trata da admisión do alumnado e di literalmente: “En ningún caso habrá discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal e social”. As sentenzas recoñecen que a inclusión do termo “sexo” é o determinante, xa que as leis anteriores non o incluían como posible criterio de discriminación.

Dado que as sentenzas se apoian unicamente no referido artigo da LOE de 2006, no anteproxecto da LOMCE recóllese explicitamente que non se considerará discriminatoria a chamada “educación diferenciada”,

abríndose de novo a porta a legalizar estes concertos, como desexan os actuais gobernos do Estado e da Xunta. Resulta fundamental, xa que logo, demostrar que segregar si é discriminar, e demandar, xaora, que este tipo de centros estean prohibidos - como o estiveron en EUA durante 40 anos, ata que George Bush mudou a lei-. A liberdade das familias de escoller a educación que desexan debe ter como límite claro os dereitos da infancia, e desde o STEG consideramos un dereito inalienable o dereito á coeducación.

Tanto o ministro Wert como o conselleiro de educación Jesús Vázquez teñen esgrimido a tan traída e levada Convención da UNESCO de 1960 para afirmar que este tipo de educación está avalada internacionalmente, que non é discriminatoria e que resulta unha opción que deben manter concertada para garantir a liberdade das familias para escollela, independentemente das rendas. Tamén é frecuente escoitar que a “educación diferenciada” mellora o rendemento académico de ambos sexos por atender as diferenzas innatas entre ambos, algo que supostamente non fai - nin é capaz de facer - a educación mixta.



o des-concerto dos centros que segregan por sexo

A respecto dos avais internacionais a este tipo de educación, non deixa de ser significativo que os seus defensores teñan que retrotraerse nada menos que medio século – antes da época histórica máis decisiva e revolucionaria desde a perspectiva dos dereitos das mulleres - para atoparen como xustificar esta aposta educativa que se esforzan en presentar como “non ideolóxica”.

Cómpre lembrar que a tal Convención data dunha época en que as mulleres non eran admitidas en cursos superiores de universidades como Harvard e que o primeiro compromiso que se buscaba de todos os países participantes na amentada Convención era “facer obrigatoria e gratuíta a ensinanza primaria”. Para lograr este obxectivo, aínda non conseguido en moitas partes do mundo a día de hoxe, valorouse en 1960 que a educación mixta podería constituír unha barreira infranqueábel en certos países, de aí que se admitise a educación segregadora. Pero, en contra do que nos queren facer crer desde a dereita que nos goberna, en ningún caso a UNESCO equiparou ambos modelos educativos, xa que o tratamento dado a ambos é radicalmente diferente. De forma explícita, o artigo 2a da Convención establece que no caso de que “o Estado as admita, as situacións seguintes non serán consideradas como constitutivas de discriminación do artigo 1 da presente Convención:

a) A creación ou o mantemento de sistemas ou establecementos de ensinanza separados para os alumnos do sexo masculino e para os do sexo feminino, sempre que estes sistemas ou establecementos ofrezan facilidades equivalentes de acceso á ensinanza, dispoñan dun persoal docente igualmente cualificado, así como de locais escolares e dun equipo de igual calidade e permitan seguir os mesmos programas de estudo ou programas equivalentes”.

Cómpre preguntarnos se o argumento esgrimido para lexitimar este tipo de segregación (“se o trato non é diferente, segregar non é discriminar”) sería socialmente aceptado de aplicarse, por exemplo, con criterios de etnia, orixe, clase social...en vez de aplicarse á diferenza de sexo. A resposta, queremos crer, sería unanimemente negativa, mesmo entre os defensores da separación por cuestión de sexo. O motivo é evidente: a ninguén lle escapa que a escola non é un mero lugar de instrución, senón que un labor fundamental da mesma é a socialización e a educación en valores do alumnado, destacando entre eles a capacidade de convivir coa diferenza.

Resulta revelador analizar os outros argumentos esgrimidos para xustificar a segregación por sexos, xa que, como en moitas outras formas de discriminación sexual, atopámonos as mesmas vellas ideas de sempre defendidas agora con roupaxes máis “políticamente correctas”. Os mesmos colexios que defenderon durante anos a segregación por sexos do alumnado por consideraren inaceptable a convivencia diaria de nenas e nenos nos mesmos espazos e os mesmos colexios que partían da base de que a finalidade da educación, e polo tanto tamén a súa práctica, non podía ser a mesma para ambos sexos, argumentan agora que a segregación sexual é sinónimo de mellor rendemento académico para os rapaces e, asemade, de maior participación, liderado e interese polas ciencias das rapazas, de maneira que supón unha mellora da calidade educativa...

Ningún estudo rigoroso é capaz de atribuír mellores resultados á separación por sexos - eliminadas outras variables como o entorno social e familiar do alumnado. Non se trata de negar que a escola tradicional se axustou mellor á forma de aprendizaxe dos nenos que das nenas ou que aínda hoxe é probable que os rapaces reciban máis atención que as rapazas por parte do profesorado debido ás súas formas máis activas de comunicación. Trátase de negar rotundamente que semellantes dinámicas e problemas poidan e deban resolverse por medio da segregación sexual nas aulas.

Como sindicato que defende a coeducación, levamos anos denunciando a reprodución do sexismo a través da escola. A ferramenta fundamental para eliminalo é formar ao profesorado para que sexamos conscientes de como, a través de prácticas que moitas veces percibimos como neutrais, reproducimos e lexitimamos o sexismo que permea todos os ámbitos da nosa sociedade. E de paso, modificar currículos, materiais educativos, reparto de espazos e tempos... En ningún caso apoiamos unha escola de costas á sociedade, na que se busque o rendemento académico á marxe do desenvolvemento integral de todas as capacidades humanas do alumnado. E consideramos que a capacidade primeira a desenvolver nunha escola coeducativa é a de

o des-concerto
dos centros que
segregan por sexo



aprender a convivir nenas e nenos, mulleres e homes, sen o sexismo que caracteriza á nosa sociedade. Esta capacidade, como as demais, desenvolverase exercitándoa, non creando situacións artificiais que en vez de resolver o problema agóchanlo ou refórzano.

Por todo isto, desde o STEG denunciámos o cinismo de quen, non vendo ningún problema de sexismo na sociedade, preocúpase “da falta de liderado das rapazas nas aulas”, e distanciámonos daquelas posturas que, partindo dun xenuíno interese pola igualdade de oportunidades entre nenos e nenas, cren atopar na segregación nas aulas unha ferramenta de “innovación pedagóxica”. Resulta como mínimo desconcertante poder determinar que ten de “innovador” un modelo educativo que non é capaz de crear nas aulas o que desexamos para a sociedade.

O caso galego é paradigmático do cinismo que estamos a denunciar. Os cinco centros segregadores concertados no noso país están vencellados ao Opus Dei, organización que non se caracteriza por velar por un trato non discriminatorio cara as mulleres. A pesar deste dato, o mesmo conselleiro que aplaudiu a eliminación da materia de Educación para a Cidadanía por considerala “adoutrinadora”, non ten vergoña en afirmar que a segregación por sexo non é unha opción “ideolóxica”, polo que, ignorando a sentenza do TSXG, seguirá a concertar estes colexios ata que a aprobación da LOMCE volva dar cobertura legal á súa opción, claramente ideolóxica, de apoialos. Decisións como esta evidencian a súa manifesta falta de compromiso para a consecución dunha igualdade real e efectiva de oportunidades, mais esa mesma orientación negadora estámola vendo, desgrazadamente, en infinidade de medidas, e non só nas relacionadas coa diferenza de xénero.

alumnado

contra a megaminería contaminante

Entre os obxectivos da ensinanza secundaria e do bacharelato recóllese a importancia de desenvolver no alumnado o espírito crítico e a valoración da ciencia como fonte de coñecementos baseados en datos comprobados. Se a isto lle engadimos o enriquecemento que supón que a aprendizaxe sexa situacional, preferentemente aplicada ao ámbito da experiencia directa, concluiremos que o alumnado do departamento de Bioloxía e Xeoloxía do IES Terra de Xallas está a aprender, sen dúbida, leccións para toda unha vida.

Da man da profesora Aurora Puentes, xunto coa plataforma veciñal Santa Comba Viva, alumnado de 1º e de 2º de BAC e de 4º ESO leva un curso ofrecendo charlas informativas aos seus veciños sobre as consecuencias dos proxectos mineiros que, como o caso da cercana mina de Corcoesto, ameazan a tantos concellos galegos. Ao longo da charla falan de todos os aspectos relevantes para a veciñanza, desde as diferencias entre estas inmensas minas e as de dimensións máis pequenas que xa hai na zona, ata os postos de traballo que xeran: moi poucos e moi especializados, xa que polas súas dimensións, trátase de minas moi mecanizadas. Pero, sen dúbida, o que máis interese suscita é o impacto paisaxístico e as consecuencias da liberación de diversos velenos como o cianuro, arsénico, metais pesados...

“A valoración é moi positiva e a acollida da xente moi cálida, aínda que ao principio son moi tímidos e no coloquio hai que animalos a que falen. Despois de animalos aparecen testemuñas da vida mineira do pasado, algúns recordos bos, como o traballo en equipo, e outros tristes: a morte de moitos dos compañeiros demasiado novos pola secuelas do traballo na mina, teren que levar os animais a varios quilómetros de distancia para que non bebesen auga con arsénico - mesmo a roupa había que ir lavala lonxe-, regatos aos que os nenos tiñan prohibido achegarse, de cor vermella...”

Da boa acollida desta iniciativa son testemuña os 16 alumnos e alumnas que participaron nas charlas por diversas parroquias da zona, pero resulta especialmente significativa a “cola” dos e das que queren participar este ano. Mesmo teñen colaborado xa ex-alumnos do centro: estudantes de enxeñería, bioloxía, medicina, farmacia...

Neste curso 2013-14 pretenden continuar alertando do enorme dano que supoñen para o seu futuro os plans da empresa canadiana Edgewater. O feito de que sexa a xente máis nova a que saía a advertir de que é o seu futuro, o do “seu lugar no mundo”, o que está en xogo, dálle un valor engadido insuperable a estas charlas que gustan de calificar de “aprendizaxe colectiva”, aínda que hai preguntas para as que ninguén atopa resposta: Como é que se sabe tan pouco destes plans mineiros, da megaminería? Como é que permiten o uso do cianuro en tan grandes cantidades? É que non saben que os accidentes, mesmo no traslado, non son raros? E falando e fiando, van facendo memoria ...

a familia como aliada da aprendizaxe escolar

A experiencia que describimos a continuación, levada a cabo no 1º ciclo de Primaria do CPI de Castroverde durante os cursos 2011-12 e 2012-13, busca mellorar a aprendizaxe da lectura e das matemáticas removendo a relación tradicional familia–escola para camiñar na procura dun modelo colaborativo.

Comezaba o curso 2011-12 cando lles propuxen ás familias do alumnado de 1º de Primaria participar activamente nun proxecto de animación á lectura. Este abranguí tres liñas de actuación: a primeira incidía na formación das familias como aliadas á hora de arraigar o hábito lector, a segunda ía enfocada a contribuír á creación de espazos para a lectura compartida no fogar como actividade de ocio, e, a terceira, tiña como obxectivo transformar a aula nun contexto de aprendizaxe dialóxica coa participación das familias en actividades de lectura.

Respecto da primeira das actuacións previstas, organizei un obradoiro de 4 horas no que, a través de dinámicas de grupo e actividades prácticas, tivemos a oportunidade de reflexionar acerca da importancia da lectura, de entender que significa ler e de descubrir estratexias para fomentar o hábito lector dos nenos e nenas. Coas tres familias que non puideron asistir mantiven, a posteriori, entrevistas individuais e entregueilles un resumo dos contidos do obradoiro.

En canto á segunda, as familias comprometéronse a compartir a lectura do “libro do mes” cos seu fillo ou filla, unha selección de literatura infantil elixida pola súa calidade literaria e humana.

Despois desta “posta a punto”, comezamos a celebrar unha sesión semanal coas “mamás na aula”. Aínda que a maioría das familias estaban dispostas a asistir a estas sesións, só foi posible compatibilizar os horarios escolares cos horarios laborais de 6 nais.

Cada mes dedicamos unha sesión a facer un faladoiro literario. En pequenos grupos, “coordinados” por unha nai, nenas e nenos conversaban sobre o “libro do mes”, lían para os demais un parágrafo e debuxaban o que máis lles gustara. Previamente todos compartiran a lectura do libro na casa con algún membro da unidade familiar, e nos faladoiros tiñan a oportunidade de contrastar as súas ideas coas dos compañeiros e compañeiras e coas doutro adulto.

Nas restantes sesións realizamos tarefas de comprensión lectora sobre distintos tipos de textos e temáticas, segundo os proxectos didácticos programados en cada momento. As nenas e nenos traballaban en grupos heteroxéneos, de 3 ou 4 compoñentes, acompañados por unha nai cuxo papel consistía en animalos a participar activamente, moderar as intervencións, motivar que se axudasen entre eles e aclarar dúbidas, en caso necesario, solicitando a miña intervención. A constitución dos grupos variaba dunha sesión a outra, de maneira que todos tivesen a posibilidade de traballar con todos.

Deste xeito a lectura foi atopando un novo significado, xa non se reducía a un proceso cognitivo individual, tratábase dun proceso interactivo de carácter social e cultural, no que a construción do sentido en relación co lido cobraba unha dimensión colectiva.

O “día das mamás” converteuse nun día especial que todas e todos agardabamos con expectación. A finais de curso, foron as propias familias as que propuxeron continuar co proxecto.



Cun bo tramo do camiño andado, foi doado continuar coa experiencia no curso 2012-13 en 2º de Primaria, agora con 8 nais que podían asistir á aula. Así, retomamos a sesión semanal coas “mamás na aula”, continuamos cos faladoiros literarios pero introducimos algúns cambios metodolóxicos na organización do traballo en grupos.

Para cada sesión deseñei 3 ou 4 tarefas, tantas como grupos se ían organizar. Cada nai, desempeñando o mesmo papel que no curso anterior, ocupouse de facilitar unha delas. O alumnado, organizado en grupos heteroxéneos e cooperativos, ía realizando cada unha das tarefas nun tempo máximo de 10 a 15 minutos. A súa resolución obrigaba aos compoñentes do grupo a compartir coñecementos e estratexias e requiría do emprego de procesos de lectura de certa complexidade (localizar e seleccionar información en diferentes fontes, ordenar textos, clasificar datos de acordo con determinados criterios, completar mapas conceptuais...).

A vontade das nais e a motivación do alumando contribuíu a que esta nova “forma de traballar” se consolidase en poucas semanas. Todos estivemos de acordo en ampliar a experiencia á área de matemáticas e, para ir entrando en materia, organiciei unha actividade de formación coas familias sobre as matemáticas na vida cotiá, un obradoiro práctico onde tratamos cómo fomentar nos nenos e nenas o gusto polas matemáticas, cómo axudarlles a desenvolver o pensamento matemático e cómo ensinarlles a usar ferramentas matemáticas a través das actividades da vida diaria.

Dende xaneiro ata xuño, tivemos dúas sesións semanais coas “mamás na aula”, alternando as sesións dedicadas a matemáticas e a lectura, ambas coa mesma estrutura organizativa de traballo en grupos. Ao igual que as de lectura, as tarefas de matemáticas propostas mobilizaban estratexias complexas no manexo de elementos matemáticos, números, medidas, elementos xeométricos, etc, ao redor da resolución de problemas.

Cónstame que, a través da súa implicación neste proxecto, as familias se sentiron máis partícipes do proceso de aprendizaxe escolar dos seus fillos, comprendendo mellor o labor docente ao tempo que

descubrían en si mesmas un potencial educativo, para moitas antes descoñecido. As nais que acudiron á aula durante estes dous cursos convertéronse, ademais, en promotoras da aprendizaxe de todo o grupo, como unha comunidade que aprende compartindo esforzos.

En canto ao alumnado, comprobei unha importante melloría de todo o grupo, tanto na lectura e no arraigo do hábito lector como nas matemáticas, e un progreso moi significativo na autonomía para a aprendizaxe e na motivación. Que porcentaxe destas melloras é atribuíble á colaboración das familias? Honestamente, non podería cuantificalo. Coido que os cambios son de tipo cualitativo e que van máis alá do marco estritamente escolar.

Vincular as experiencias do alumnado na aula coas que se producen no entorno e no marco familiar permite diversificar e enriquecer as situacións e as prácticas de aprendizaxe, abrindo outras vías que van máis alá da relación tradicional docente - alumno. Por iso, estou convencida de que un modelo colaborativo non só contribúe a potenciar a aprendizaxe do alumnado na aula, senón que xera cambios sociais e culturais importantes no seu entorno próximo.



budiño, sotaque



O sotaque do último traballo de Xosé Manuel Budiño é, por veces enérxico, por veces delicado. A música do de Moaña ten, xa desde os seus inicios co disco *Paralaia*, un xeito que nos leva sen decatarnos desde o máis ancestral ao máis contemporáneo. O disco comeza coa forza de *Nubeiros* e *Tronantes*, onde a percusión e a voz de Chisco nos amosan a personalidade do traballo.

No segundo corte, un convidado de luxo: Luís Tosar. Hoxe *Canto en libertá* é un poema de Celso Emilio Ferreiro ao que Budiño pon música. O de Celanova mestura no texto a crítica social, no seu estilo acedo e irreverente, coa delicadeza do intimismo onde se escribe unha historia de corpos nidios.

Déixame adiviñar constitúe unha linda historia. Elena ten de ser unha muller especial, xa que inspira tres talentos masculinos que desbordan

sensibilidade. Budiño compuxo unha peza para expresar a súa paixón por ela e contou con Carlos Blanco para facer unha letra poética que a voz do cantante portugués Antonio Zambujo dota de pleno significado.

Ao excelente traballo dos músicos da banda (Carlos Castro, Alfonso Merino, Juan de Dios) súmase a achega e coprodución musical do pianista dos Azores, Paulo Borges, e outras colaboracións, coma a de Michael McGoldrick (na peza que da título ao traballo) ou a dos cantareiros de O Fiadeiro, que acompañan a Chisco en *Ríamonte*.

Esta pluralidade non constitúe unha suma inconexa de pezas, senón que resulta un tecido de talentos e complicitades dotado dunha forte unidade: o sotaque de Budiño, un son inconfundíbel, unha personalidade imprescindíbel na música galega contemporánea.

sés co xenio destrozado

En moi pouco tempo, esta muller enérxica e ousada trastornou a escena musical con rafoladas de autoafirmación e compromiso. Sés non é daquelas que cantan as pombas e as flores, vén esnaquizando estereotipos desde o seu primeiro disco *Admirando a condición*. Existe un empeño nas súas letras en presentar unha muller dona de si, non sometida ás tiranías do mercantilismo sobre o corpo feminino, consecuente cos seus sentimentos, con iniciativa afectivo-sexual, que está segura de querer nadar a contracorrente.

O tema que abre e dá título ao disco fálanos dos prexuízos que están instalados na sociedade e que se naturalizan dunha maneira inconsciente. O “saber popular” que destróza Sés é o que nos di que a idade devalúa as mulleres e revaloriza

os homes; que hai xogos para nenas e xogos para nenos, etc. Alguén pode pensar que son cuestións superadas, pero non hai máis que ver os catálogos de xoguetes para decatármolos de como se teñen reavivado estes mecanismos sexistas.

Sés provén da música tradicional e en *Canto aquí* hai un manifesto reivindicador do noso patrimonio popular. Mais a cantante e compositora constrúe un discurso musical onde conflúe o rhythm & blues, con corridos desgarrados, tangos ou milongas. Todos estes estilos teñen un denominador común que Sés reivindica: nacen do pobo, dos homes e mulleres que traballan a terra, que fan a historia desde abaixo. O disco ten un son coherente froito do facer dos músicos da súa banda habitual: Tito Calviño, Marcos Pazo e Fran Sanz.

As letras son longas e case sempre argumentativas ou narrativas, que nos fan



lembrar o rap. Tamén as hai intimistas. Mais todas elas están escritas desde unha posición alternativa e desde un fondo compromiso.

A rebeldía e independencia da artista coruñesa fará que as súas cancións non fiquen reducidas ao patrimonio hímico de grupos concretos, senón que sexan parte da expresión cultural de todas as persoas que aspiramos a vivir nunha sociedade máis libre e fiel a si mesma.

feminismos castro/reimóndez



Feminismos

Olga Castro / María Reimóndez

XERAIS

O libro *Feminismos*, escrito a catro mans por Olga Castro e María Reimóndez, é unha “guía de viaxe” a través da corrente de pensamento e praxe política-social que tanto ten contribuído a mellorar as nosas vidas nos últimos séculos.


A escolla do plural para o título revela a vontade das autoras de superar posturas etnocéntricas frecuentes no pasado, dando a coñecer a grande variedade de pensamentos desenvolvidos en diversas partes do mundo na búsqueda de mecanismos para superar a discriminación das mulleres polo feito de seren mulleres. Así, débullanse nesta obra estratexias feministas tan diversas como as das sociedades da África Subsahariana, América Latina e o Caribe, antiga URSS, China, India, Magreb, Oriente Medio e países árabes ou Xapón, xunto coa realidade galega e occidental.

Logo da perspectiva “local” acadada con este percorrido, as autoras abordan na segunda parte da obra o que elas mesmas califican de “temas planetarios”, aqueles “que

se van repetindo e que son de importancia en todos os lugares”: globalización, violencia de xénero, sexualidade, maternidade, institucionalización... Problemáticas comúns que evidencian a necesidade de tecermos redes planetarias coas que loitar contra os alicerces do sexismo. Completa este exhaustivo “manual” un terceiro bloque sobre as relacións entre “os feminismos e as disciplinas”, que analiza como o marco de pensamento feminista ten cambiado as formas de “ver e facer” en moitas delas, nomeadamente a ciencia, economía, lingüística, educación...

Feminismos é unha ferramenta educativa para outorgar á loita polos dereitos das mulleres o lugar que lle corresponde no currículo escolar, en pé de igualdade con outras correntes do pensamento como o marxismo, o liberalismo ou o socialismo; unha obra exhaustiva e rigorosa, escrita na lingua de noso, para quen queira albiscar todo o potencial transformador desta revolución pacífica que está mudando o mundo.

do estigma á estima, valentina formoso



Do estigma á estima

Propostas para un novo discurso lingüístico
Valentina Formoso Gosende

Escrito pola profesora Valentina Formoso, o volume analiza a persistencia dos estereotipos negativos arredor da lingua presentes entre a xente nova en entornos galegofalantes: inseguridade lingüística, rexeitamento do acento, cuestionamento da forma estandarizada e da “utilidade” do galego... Valoracións negativas que aboan o terreo para o abandono da lingua ao cambiaren de contexto, polo que deberían ser un obxectivo prioritario no traballo de normalización. Ante esta realidade, a autora cuestiona que “até agora a normalización non se ocupou para nada dos galegofalantes. As políticas lingüísticas dirixíanse a recuperar falantes en zonas urbanas”. Cómpre, xa que logo, mudar a planificación, promoción e normalización do galego para crear un imaxinario social que permita as persoas galegofalantes conservaren a lingua propia.

A pervivencia dos prexuízos establécea a autora a partir de diversos grupos de discusión con alumnado de ESO, facendo unha análise cualitativa - encadrada

na sociolingüística intervencionista - do discurso adolescente. As conclusións ás que chega evidencian “o noso fracaso colectivo como sociedade á hora de construírmos un imaxinario social positivo a prol da normalización do idioma”: trinta anos de política lingüística non foron quen de eliminar ou reducir vellos prexuízos presentes no pasado.

Máis alá da análise da vixencia de prexuízos, no seu ensaio Valentina Formoso valora aqueles aspectos que, segundo o seu criterio, teñen contribuído desde o sistema educativo a este fracaso colectivo: a escasa formación sociolingüística do profesorado, o enfoque descritivo que se lle soe dar aos contidos de sociolingüística na materia de Lingua galega, os diversos decretos educativos... E, sen renunciar á esperanza, Valentina propónnos na última parte do seu ensaio novos enfoques, discursos e estratexias ilusionantes para un labor normalizador que, desde os centros educativos, podemos facer chegar á maioría da sociedade.

Sonia Fernández ◀

aulas libres

29

para ler
para ver, para ouvir,

Sonia Fernández ◀

a educación: dereito ou mercadoría

As distintas achegas que conforman este libro – editado por Laiovento e coordinado por Mariló Candedo, profesora de Pedagogía Social na Facultade de Ciencias da Educación da UDC e presidenta de Nova Escola Galega – pretenden poñer o foco naqueles elementos que constitúen agora mesmo o albo da acción contrarreformista que, no ámbito da educación, pon en perigo os dereitos e as aspiracións da cidadanía nun horizonte de maior xustiza social.

Os temas que aborda esta obra coral teñen como fío condutor as repercusións da acción política neoliberal nas mudanzas do sistema educativo e dos servizos de apoio á educación, así como a profunda regresión ideolóxica que as orienta. Fala daqueles elementos clave, cerna das oportunidades educativas, percibidos entre luces e sombras nestes tempos de contrarreforma. Son, polo tanto, obxecto de atención: a dimensión e o alcance dos “recortes” educativos; o desenvolvemento da educación infantil 0-3 na Galiza; a educación inclusiva e a atención á diversidade; a involución da lingua propia no sistema educativo galego... Analiza tamén os temas “estrela” da anunciada LOMCE: as avaliacións externas, a autonomía dos centros educativos e a reforma da secundaria, nomeadamente no referido á Formación Profesional – e o horizonte anunciado da FP dual-. Achégase asemade ao ensino universitario como privilexiado campo de experimentación das políticas *neocón*, ou ao que está a pasar coa incipiente cobertura da rede de servizos de apoio á educación, pedra de toque da equidade social.

Trátase, en definitiva, dunha obra escrita por persoas que desde o campo da docencia, a investigación, a xestión e a participación activa nos movementos sociais achegan argumentos para a denuncia, a reflexión e o debate, así como para a formulación de alternativas. Unha obra que sen dúbida axudará a manter activo o debate e a mobilización da cidadanía que non quere renunciar á conquista democrática que representa a educación pública.

iria anxo angueira


O escritor Anxo Angueira (Manselle-Dodro, 1961), que fai parte destacada da intelectualidade galega dos nosos días por múltiples razóns (profesor na Universidade de Vigo, investigador e ensaísta, membro das Redes Escarlata, presidente da Fundación Rosalía de Castro, activista da cultura marítima...), deu ao prelo a súa novela *Iria*.

Ambientada na década dos 60 do pasado século, desenvólvese en terras e augas do Ulla final, na ría de Arousa e nos vales fértiles da veiga padronesa (escenario que xa visitara o autor na súa novela anterior *Pensa nao*, 1999), para ofrecer mediante a súa trama unha visión crítica do *desarrollismo* franquista, disfraz da corrupción empresarial e política reinante naquel rexime (el non virán de aí os lodos actuais?) e, ao mesmo tempo, un retrato de tonalidades épicas do traballoso labor de articulación na clandestinidade da resistencia popular galega antifranquista, personificada na tripulación do galeón que dá nome á novela e nos legoeiros das obras de construción dunha absurda, por inútil, canle de regadío. En contrapunto a estes dous ámbitos, mariñeiro e proletario, a novela vai ofrecendo unhas manuelantonianas “historias de afogados”, que se intercalan paulatinamente no relato e permiten captar a bivalencia simbólica (vida e morte) que adquire o propio río para as xentes que moran nas súas ribeiras.

Mais a novela de Angueira engade a estes elementos argumentais algúns outros

Emilio Xosé Ínsua ◀

valores, que fan da súa lectura un intensificado gozo, subliñado polo ritmo pausado da dicción, que evoca automaticamente o propio fluír da navegación a vela do galeón protagonista. Salientemos un saboroso dicir léxico e fraseolóxico tirado da fala popular arousá e ullá, un pormenorizado percurso de grande potencia evocadora polo mapa microtoponímico da ría de Arousa e do Ulla, un constante diálogo coa tradición literaria galega (Rosalía, Castelao, Manuel Antonio, Rafael Dieste coa súa *fiestra valdeira*, as cantigas medievais...) e unha permanente homenaxe, en fin, ao saber e ao indómito resistir do pobo, “soia e verdadeira xente do traballo no noso país”.



un gran poeta infantil

Paseniño e como quen non quere a cousa, Xoán Neira, mestre de profesión, lugués de nacemento e viveiros por veciñanza, está a converterse nunha das voces máis prolíficas e relevantes do panorama da poesía infantil contemporánea na nosa lingua. O seu poemario de recente aparición, *Un niño no xardín*, editado na colección “Sopa de Libros” de Edicións Xerais con preciosas ilustracións de Ánxeles Ferrer, ven consolidar de xeito claro unha traxectoria que arrincou en 1997 co volume *Recreos*, editado por Baía e feito en colaboración co tamén mestre Manuel Rodríguez; proseguíu en 2004 con *Xiz de cor* (Eds. Baía, con ilustracións da artista Mariana Riestra), fixo nova escala en *Farrapos de nube* (Eds. Baía, con ilustracións da propia Ánxeles Ferrer que participa no volume que nos ocupa) e tiña culminado, de xeito provisorio, con *No cubil da lúa* (Eds. Baía, con ilustracións de Juan Darién). Por entre medias de toda esta obra poética dirixida especificamente ao público infantil, apareceron tamén *Memoria e Soño* (1996), *Nas varandas do abrente* (2000) e *Linguaxes* (2005), este último en coautoría co ceramista Otero Regal.

No limiar do libro *Memoria e Soño*, o poeta Manuel María acertou a sintetizar dúas das chaves en que asenta toda a estética do noso escritor: a infancia e a paisaxe. O conxunto dos seus libros infantís revélase como un calidoscopio máxico que vai deitando atención ora aos elementos e obxectos configuradores do noso entorno, ora aos animais, ora ás plantas e flores, para operar con eles a construción do poema nunha dupla dimensión. A primeira é descritiva, basicamente visual, case pictórica: Xoán estiliza e esencializa o obxecto cantado para retratalo, ofrecendo a ollos do lector infantil aquilo que, en definitiva, resulta máis definitorio ou rechamante do mesmo. Mais nun segundo plano ou dimensión, Xoán

transcende esa primeira confección do texto en chave puramente retratística e avanza outros significados máis profundos, relacionados coa poesía como expresión de vivencias, como reflexión sobre o ser e o estar no mundo e como descuberta de espazos de fantasía, maxia e ilusión. Son significados unhas veces líricos ou emotivos, outras veces existenciais, algunha que outra tamén humorísticos, pero todos, absolutamente todos, fondamente humanistas, expresión última dun ser que sente, escoita, ama, sofre e se emociona, mentres a vida pasa, dándonos o bo e o malo en proporcións variábeis.

É esta sabia combinación entre o verso descriptivo, “para nenos”, e os sentimentos profundamente humanos e vivenciais que atopamos en cada texto, como unha corrente de fondo que os envolve e os enche de tenrura, a fórmula feliz, quintaesenciada e persoal, que produce, en último termo, este intenso pracer estético que sentimos na lectura dos versos do Xoán Neira. Véxase, se non, o seguinte poema, que leva por título “Rosa de lume”:

Unha rosa de lume
naceu no meu xardín,
cal chama acesa do sol,
perfume de primavera
que rube ao corazón.

Lapa de cacharela
vermella e amarela
vertida no solpor
para incendiarme as pupilas
e facerme soñador.

Un niño no xardín, que leva no frontispicio unha fermosa adicatoria á neta de Xoán e da súa muller Ánxeles, a pequena Antía, componse de 30

poemas, con títulos directos e sinxelos como “O xardín”, “A fonte”, “O sol”, “O mar”, “O ceo”, “As nubes”, “O vento”, “As cereixas”, “O espantallo”... O eu poético contempla un xardín metafórico particular e intransferíbel poboado de numerosos elementos que espertan a súa curiosidade e que suscitan as súas reflexións, unha veces en ton de conto ou fábula (“A pega e o corvo”, “O gato e as bolboretas”), outras con claros ecos dalgunha das mellores poesías escritas por Noriega Varela (“A brétema”) e outros, aínda, con ecos neotrobadorescos (“A fonte”). Ese pouso de refinado lector, a proximidade en moitos instantes aos mellores moldes da poesía folclórica e ese facer pé por veces, de maneira liviá e elegante, na propia tradición literaria galega culta é outro dos grandes valores que encerra, ao noso entender, a proposta presente no novo libro poético infantil de Xoán.



lírica adolescente

ana, de terceiro da eso
não dá feito poesia

as palavras atoam-se-me,
explica,
e no padal doem como espinhas
desse sargo que minha mãe
tão bem prepara ao forno,
como migalhas de pão
pola gorxa do ar precipitadas

as palavras eis as están e esvaem-se,
conta,
como os ratinhos sob o roupeiro
ao prenderes a luz
como sargo recém sacado da água
que ao avó lhe foge das mãos

profe, diz-me,
que a mim a poesia nom se me dá...

timbre

as gavotas invadem
o pátio à volta do recreio
um minuto após das doze

petiscam entre a erva
e nas mundas linhas do campo
migalhas de pão bolhicaos
anacos de chouriço

restos da infância
que deixamos atrás



a rara

a rara gasta calças de zara
camisola de bresca
a rara usa mp4 e escuita coldplay
a rara gosta do malandro
da última mesa do repetidor
do que gostam quase todas
[há uma que caladamente está pola rara]

a rara aprendeu de menina
que presa e pressa
apuram ou cativam dependendo do e.

Datos das sedes do STEG

SANTIAGO

r/ Avenida de Coimbra, 15. 15704 Santiago

Tfno/Fax 981580700

corunha@stegsindicato.org

Horario de atención:

De luns a xoves de 10 a 14 h. e de 17 a 19 h. Os venres de 10 a 14 h.

LUGO

r/ Conde, 31 - Entresollado esquerda. 27003 Lugo

Tfno/Fax 982240066

lugo@stegsindicato.org

Horario de atención:

De luns a xoves de 10 a 14 h. e de 17 a 19 h. Os venres de 10 a 14 h.

OURENSE

r/ Sto. Domingo, 60. Galerías Xesta, entrechán, local 1. 35005 Ourense

Tfno/Fax 988252323

ourense@stegsindicato.org

Horario de atención:

De luns a xoves de 10 a 14 h. e de 17 a 19 h.

Os venres de 10 a 14 h.

PONTEVEDRA

Praza Curros Enríquez, nº 1, oficina 201. 36002 Pontevedra

Tfno/Fax 986 85 75 45

pontevedra@stegsindicato.org

Horario de atención:

Mércores de 18:45 a 20 h.

Primeiro xoves de cada mes de 17:15 a 20:30 h.

Resto dos xoves de cada mes de 17:15 a 19 h.

VIGO

r/ Doutor Cadaval 33 2ºC. 36202 Vigo

Tfno/Fax 986228658

vigo@stegsindicato.org

Horario de atención:

Xoves de 17 a 19 h.



sumate! 
www.stegsindicato.org

